



ENTRAMBAS AUGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Número 20 • Inverno 2004 • 1,5 €



**OS PÁXAROS DEL MAR
Y A GALIPOTA DEL «PRESTIGE»**


OS TELECENTROS NEL OCCIDENTE

A FALA ENTRE A MOCEDÁ

AQUELAS ORQUESTAS DA VEIGA



- 3 *Os páxaros del mar y a galipota del «Prestige»*
XURDE GAYOL GARCÍA
- 8 *Os telecentros: a rede al alcance de todo el mundo*
ENTRAMBASAUGUAS
- 12 *¿Cómo ta a fala entre a mocedá? Un estudio en Tapia*
ANGEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
- 15 *Veyez*
MANUEL GARCÍA-GALANO
- 16 *Asociación «Amigos de D. Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos»*
JOSÉ LUIS DÍAZ ÁLVAREZ
- 18 *El demo y el invento da serra*
ALBERTO ÁLVAREZ PEÑA
- 20 *Cana rota*
EMMA MÉNDEZ
- 21 *I Festa da malla en San Tiso d'Abres*
AURORA GARCÍA RIVAS
- 24 *Aquelas orquestas da Veiga*
FÉLIX MARTÍN MARTÍNEZ
- 26 AXENDA
- 30 EL ARCO DA VEYA
- 33 *El albeitre*
RAFAEL LÓPEZ CANCIO
- 34 EL HOUCHA



Nenos gordos

Edita
Academia de la Llingua Asturiana
Secretaría Llingüística del Navia-Eo

Colaboran
Xurde Gayol García
Ángel Fernández Fernández
Manuel García-Galano
José Luis Díaz Álvarez
Alberto Álvarez Peña
Emma Méndez
Aurora García Rivas
Félix Martín Martínez
Rafel López Cancio
Fernando García Rodríguez

Correo y colaboracióis
Academia de la Llingua Asturiana
Apartao Correos-574
33080-UVIÉU
Tífono.: 98 521 1837 • Fax: 98 522 6816
alla@asturnet.es
www.academiadelalllingua.com

Diseño
Entrambasauguas & Ástur Paredes

Imprime
Gráfinsa • Uviéu
Tífono.: 985 271 598

Depósito Llegal
AS-2103/96

I.S.S.N.
1137-165 X

ENTRAMBASAUGUAS nun se fai responsable das
opinións espresadas polos seus colaboradores

Si che falta dalgún número pra completar
a colección d'Entrambasauguas, pódese
pidir al precio avezao (nº 1-13: 0,90 € / nº 14-
20: 1,5 €), máis os gatos d'envío, al apartao
de correos 574 (33080 - Uviéu) ou á dirección
de correo electrónico alla@asturnet.es



Academia de la Llingua Asturiana,
Apartao 574, 33080-Uviéu
Fax: (98) 522 6816

Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscripción, 15 € (máis gastos
d'envío), heilo a pagar contra reembolso del primeiro número que me manden.

Nome _____

Apellidos _____

Dirección _____

Código Postal _____ Lugar _____

Teléfono _____ Fecha _____
firma

ENTRAMBASAUGUAS

Pódese mercar en **Navia** (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardinillos, Quiosco del Muelle), **Xarrio** (Quiosco Hospital), **A Caridá** (Llibreiría Alfonso, Papelería Ana), **Tapia** (Llibreiría Manuel López, Llibreiría Arte, Tutti Frutti, A Casía), **As Figueiras** (Tandy), **Castropol** (Ardura, Tandy Beatriz), **A Veiga** (Casa Pérez, Llibreiría San Pedro), **Taramundi** (Casa Vicente), **Bual** (Llibreiría Pablo), **Grandas** (Estanco Elena Cancio), **Samarín d'Ozcos** (A Marquesita), **O Chao** (A Farrapa) y nas principales llibreirías d'**Uviéu**, **Xixón**, **Avilés**, **Mieres** y **Llangréu**.

OS PÁXAROS DEL MAR Y

A GALIPOTA DEL "PRESTIGE"

↓ Xurde Gayol García

Os datos da catástrofe ecolóxica producida pol petroleiro «Prestige» que fundíu delante das costas gallegas enchéu y sigue enchendo as páxinas y as pantallas dos medios de comunicación. Xurde Gayol, un ornitólogo d'Ortigueira (Cuaña) esmolido por temas medioambientales y que trabaya día a día nestas cuestións, fai un achegamento a os efectos qu'a galipota verquida produciu nos páxaros que viven nel mar y cómo os voluntarios y as diferentes organizacións y institucións amañaron pra tentar de puer romedio a tanto dexobeiro.

Anque xa parece que, pouquín a pouco, a xente vei esqueicéndose da marea de fuel que balleirou el «Prestige», pode dicirse que, inda despós d'un ano, el mar sigue cuspíndonos galipota, anque xa mui froxa, nas nosas prayas, ribeiros y arrabulladas.

El hidrocarburo que verquéu este barco emporcóu as costas, non sólo as cantábricas senón tamén as de Portugal, as Landas y Breñaña francesas y inda nun hai muito as costas inglesas, amolando muita vida maría y os poucos cuartos dos homes del mar. Pénsase qu'el dexobeiro vei tardar más de dez anos en llimpar y tar como taba antes. Nun vou falar de todo lo que nos emporcóu, matóu

y desfixo nel noso mar ese feixe de cotra moura y pegañosa, porque hai cuestións que nun conozo ben y personas qu'entenden muito más qu'eu; pero de lo que si podo falar como ornitólogo, ecoloxista y sabicheiro da natureza, é cómo afectóu a os páxaros maríos, cóntos morreron, as especies qu'amolóu y cómo se fixo a campaña pa poder salvallas y vellas engalar outra vez.

Todo empezóu a finales del ano pasao y, anque xa había tempo que rompera en dous el petroleiro, nun nos chegóu el fuel á veira da nosa costa hasta el 5 de decembre del 2002, condo as lanchas de vixilancia pesqueira y Cruz Roxa del mar pañaron mui cerquíu de terra un milagre de quilos de pichi ou galipota, qu'é como ye chamamos por aquí.


Primeiros páxaros mortos

Á mañá del outro día, muitísimos xogarales y prays entre el Barayo y el Eo ameicaron chíos de fuel y semaos de páxaros maríos, us mortos y outros inda vivos, pero esmexurriaos y cotrosos de fuel mourón, y con un cheiror velenoso qu'allouriaba as os probes animalíos.

Tuvemos muitos días y semanas recoyendo todos os páxaros que taliabamos, tanto os ecoloxistas, guardas da Consejería, protección civil y a montóis de xente arrechada que nos chamaban por teléfono ou deixaban os páxaros nos cuarteles da guardia civil pa que los fósemos pañar.

En San Xuan (Avilés) a Consejería de Medioambiente puxo úas instalacióis muito ben grandes unde trabayaron montóis de voluntarios y a unde chegaron más de 2.000 páxaros. Nel occidente, as aves marías foron llevarse ás instalacióis del CEPESMA (Centro prá Protección y el Estudio das Especies Marías) nel conceyo de Valdés, unde tamén axudaban muitos voluntarios, veterinarios y biólogos, pero os paxaríos morrían a petóis, anque che taban ben cuidaos y mantíos y a xente trabayaba horas a montón.

Os que pañábamos páxaros nun deixamos sito sin anduliara, xa fosen prayúas ou xogarales ben grandes como as de Frexulfe, Navia, Torbas, Castello, Penarronda ou Arnao, ou ribeiros pequeníos como el d'Ortigueira, Mexames (Medal), Armazá (Cartavio), Cuedo (Andés), Pormenande (A Caridá) y outros como A Forcada (Salave), Os Castríos (Mántaras),



GILBERTO S. JARDON

Somorguyo marín, Aro y Neno gordo

Represas (Tapia), Os Penedos Brancos (Viyadún), etc.

Os páxaros vivos recoyíanse con trapos, metíanse en caxas de cartón y llevábanse ás carreiras nos coches pa os centros de recuperación; pero a os que xa morreran fíaseyes úa ficha y metíanse nel conxeador pa despós llevalos a Xove (Xixón), p'analizalos y feryes úa necropsia.


Foron muitas as aves que se pañaron dexobadas de galipota. Pa fernos un idea, vou fer mención d'un estudio que fixo a SEO (Sociedad Española d'Ornitología) meses despós, condo empezou xa a ir más



XURDE GAYO

Corvo marín (Phalacrocorax aristotelis).

As colonias que temos nel occidente son das miyores d'Asturias



GILBERTO S. JARDON

Praya da Palomba (Tapia).

El guarda rural Pablo Fernández, con un aro



Colonia de nenos gordos (*Fratrula arctica*) nel illia de Hornøya, en Varanger (Noruega).
Estos páxaros qu'anían nel norte son os que despós chegan pol inverno ás nosas costas.

froxo el mariaxe. Nel fábase de que nas costas emporcadas pola marea moura, recoyéronse 4.114 páxaros (vivos y mortos), pero tían medo de qu'a cifra verdadeira pasara dos 40.000 páxaros, porque muitos morreron llonxe, mar afora, y perdéronse cos correntes maríos ou fóronse pal fondo.

En Asturias, despós de todo este ano que pasou, pañáronse camín dos 3.000 páxaros —nas fechas del estudio da SEO inda se recoyeran poucos—, pero tamén se pensa que puderon ser muchos máis. Lo mesmo pensamos nos conceyos entre el Barayo y el Eo, unde s'atoparon máis de 600 páxaros. Ten que saberse tamén que muchos dos obreiros que puxeron os Conceyos ou empresas como Tragsa tiraban os páxaros a os contenedores y por eso nun se puderon cuntar nin saber qué especies foron.

A mayoría de páxaros chíos de pichi eran de fora. Son aves que vein das grandísimas colonias de aniaemento d'Escocia, Irlanda y Escandinavia, pero que, ano tras ano, pasan el inverno nas nosas auguas.


Os páxaros “nosos” —os qu'anían nel occidente—, como as gaviotas (*Larus cachinans*), corvos maríos (*Phalacrocorax aristotelis*) y llampareiros (*Haemotopus ostralegus*), tuvéronche muitísima sorte, porque nun s'emporcaron muito y nun encontramos animales mortos. Pénsase que puido ser por causa de qu'as gaviotas y os llampareiros tánche sempre por terra y nun los pióu a marea de galipota, y a os corvos maríos, que che tán muito tempo chumbiando nel mar pañando pexes, deberon llibrar —penso eu—, porque a marea máis grandísima chegou de noite, condo tán durmindo nas súas colonias nel arribada.

As especies más amoladas


Pode dicirse que foron as aves marías peláxicas —as que durmen, cumen y fain vida nel mar, sin vir a terra— as que más padeceron que tuvese el mar chen d'hidrocarburo, porque tán día y noite nél y sólo van a terra alló mui llonxe, nas terras del norte, pola primavera y el brao, pa ter as súas crías.

• Aro (*Uria aalge*).

Foi el álcido con más exemplares mortos ou enfarnaos, chegando case a os 300 páxaros. É úa especie que che ta muito ben estudiada y sábese



Mazcato (*Morus bassanus*)
recoyido en Tapia en plumaxe de veyo



GILBERTO S. JAROCIN

Un Neno gordo recoyido en Tapia todo dexobao de galipota

qu'os que nos vein invernar son d'Escocia y Irlanda. Hai muitos anos que desaparecieron d'Asturias como aniadores, pero quedan seis parexas en Galicia qu'in-da taban nesta primavera, anque nun sacaron avante pito ningún, ben sei que por causa del fuel.

- Aro del pico romo (*Alca torda*).

Éche mui apareció al aro y nunca se soupo qu'aniase nas costas del occidente. Morreron tamén mui-tos, chegando case al cento d'ellos.

- Neno gordo (*Fratercula arctica*).

É tamén un alcido, pero máis piquinín, regordeto y con un pico chamadeiro chen de coloríos. D'ei el nome que ye dan en Tapia pola súa asomeñanza con un nenín gordo. É el que chaman *draque* ou *pitorru* noutros portos d'Asturias y que se conoz en castella-no como *frailecillo*. Estos páxaros vein tamén de mui llonxe y cóncense sitios d'aniar con máis de 8.000 parexas. Os níos fainlos en furaos, como os conexos, nos pradíos das arribadas nas isllias del Atlántico Norte. Atopamos us 80.

- Pitorro anano (*Alle alle*).

Ácido piquinín que se ten visto pouco na nosa terra porque vén de terras árticas de Groenlandia y más alló. Atopáronse tres.

- Mazcato (*Morus bassanus*).

Paxarón grandón y ben conócío das lanchas y bous dos nosos marineiros. Nunca criaron nel occi-dente, pero muitos pasan el inverno nel Cantábrico y nos meses de setembre y outubro poden verse pasar

muitísimos dende dalgúa punta como A Talaya (El Franco), A Engaramadúa (Cuaña) y La Romanella (Navia). Con vagas de mar del NW sonche muitos centos os que pasan pal oeste. D'esta volta sólo encontramos mortos 18.

- Ferrón (*Sterna hirundo*).

Namás parecáu ún y llevóuse pral CEPESMA. Hai muitos anos aniaba en prayías de xógaras y arenales. Os que vemos tánche de paso, porque engalan mui-



XURDE GAYOL

Aros (*Uria aalge* y *Alca torda*) nel isllia de Hornøya (Noruega). Estas dúas especies foron as más amoladas pola marea moura

tos quilómetros dende as súas zonas do brao pa
pasar o inverno nas augas cálidas e ricas en
pez de Mauritania e Sáhara.

- Somorguyo marín (*Gavia immer*).

Coyéuse ún, que morréu, nel centro del CEPESMA. Anque pouquíos, sempre vén dalgún invernar, que ves gusta muito A Ría del Eo.

- Corvo marín grande (*Phalacrocorax carbo*).

Este corvo marín é máis grande qu'el noso y métese muito nas rías y os embalses, cousa que nun fai el outro porque ta sempre nel mar. Aumentaron muito nestos últimos anos y tense piao dalgún aniyao d'Escandinavia, Irlanda y outros países. Pareceron cuatro exemplares.

- Pardella branca (*Fulmarus glacialis*).

Páxaro del mar, mui pouco visto nas nosas auguas, que poucas veces s'arrima a terra. Haiche que navegar muitas millas pa fora pa vello. Dous foron os que recovemos, xa mortos.

- Gaviota das patas marellas (*Larus cachinans*).

Recoyéronse tres, pero nun ta claro se foi por causa do fuel. Crían a feixes nel occidente nas arribadas e nas isllas, pero dende o ano 1996 tamén nas casas das villas de Navia e Tapia.

- Raquín de fora (*Rissa tridactyla*).

Gaviotía pequena de mar afora, que chega cos
temporales y vagas de mar. Recoyéronse dous vivos.

- Cágalo (*Catharacta skua*).

Chámanlo así porque estos páxaros sonche como aiglas y escorren a mazcatos y gaviotas pa feryes vomitar lo que tein nel banduyo y coméryelo. Os marineiros pensan que yes fain cagar y d'ei el nome de cágalu ou cagalón. Pasan muiitos el inverno afora, nel Cantábrico. Parecéu un exemplar.



Aro del pico romo (Alca torda) atopao nel Ribetro (Ortigueira, Cuaña), amañao pa llevar a un centro de recuperación



Un Ferrón (Sterna hirundo) nas instalacións del CEPESMA

El trabajo nos centros de recuperación

Os voluntarios que trabayaban nestos sitios tábanchen ben asesorados polos veterinarios y feron todo conto puderon porque as aves marías nun morresen. Déronyes os meyores cuidados: sondas, vitaminas, llaivos y secaos, calefaccióis, pexes pa daryes de comer, etc. Nel centro de San Xuan puxéronse a montóis de cabanóis —chamábanyes col término inglés de *boxes*— muito ben preparaos pa fer distintos labores cos animais afectaos, y dalgúa piscina grandúa pa os que s'iban recuperando unde nadaban y chumbiaban como se tuvesen nel mar.

A verdá é qu'è case imposible salvallos porque pían muito estrés, coyen infeccións y micosis, y el fuel que tragan prodúceyes lesións dexenerativas graves, inflámaseyes el intestino, tein hemorraxas, anemias, nefritis, dexeneración del fégado, conxuntivitis y úlceras nos ocos, lesións nos pulmóns, etc. Moitas veces, anque pareza que tán recuperaos, nun che son capaces a fer graxa nas súas glandulas pa poñer nel plumaxe y afóganse se los botamos nel mar.

Así y todo, despois de meses de muito traballo, a xente que trabayaba alí foi aprendendo cada vez máis y, nas últimas fases, os páxaros recuperaban ben el plumaxe sin moyarse, pero cóstouyes muito os primeiros meses.

Morreron abondos, pero outros recuperaron y tábanche netos y escotrollaos. Foron soltallos a Aveiro (Portugal), unde muitos volveron engalar entre el mar y el vento, camín ben sei das costas que los viron nacer. 

OS TELECENTROS:

A rede al alcance de todo el mundo



↓ Entrambasauguas

El Principao d'Asturias, d'emparzao cos conceyos y a través da Dirección Xeneral de Tresportes y Telecomunicacióis, amañou a qu'é a rede de telecentros máis mesta y grande d'Europa. Hasta xunio d'este ano 2003 taban en marcha nada menos que 80 telecentros en toda Asturias. El obxetivo é mui claro: que todos os asturianos y asturianas, vivan unde vivan, podan achegarse á tecnoloxía da información y Internet. Neste proyecto mírase muito pola población das zonas rurales y, sobre todo, pola que ten menos oportunidades: a que busca trabayu, os discapacitaos, as muyeres, a xente mayor, os estudiantes, etc. Nus conceyos como os del Navia-Eo, unde a presencia del mundo rural ten tanto peso, os telecentros supóin úa ponte por unde acceder a espacios qu'hasta agora taban malos d'alcanzar prá mayoría da xente.

Condo chegóu a televisión al mundo rural, por todos os sitios empezaron a nacer teleclubus unde a xente s'apeteiraba de noite pra ver aquello nunca visto. Einda hoi, agora que pasóu a fuga da tele y todo el mundo ten cadasóu aparato na casa, dalgús locales que s'abriron entoncias siguen funcionando como sito d'encontro pras actividades que se fain nel llugar. Però agora a novedá ta noutros telecentros unde, tamén a través d'úa pantalla, cualquiera pode ter acceso a todo el feixe d'infor-

mación que brinda Internet, al correo electrónico y a outras muitas cousas que tein nos ordenadores el sou soporte: dende fer un escrito hasta llevar a contabilidad d'úa empresa.

¿Qué son os telecentros?

Os telecentros son úa rede de locales que tein un funcionamiento aparecido tanto na súa filosofía como na súa xestión y nel sou equipamento. Tán pensaos

pra xente maior de deciséis anos, aunque cualquier neno ou nena pode entrar sempre que nun súa en horario escolar. Pra usar as instalacións del telecentro hai qu'enchener úa ficha y ferse usuario, cousa qu'é de balde. Cada telecentro vai fendo os seus usuarios y, pouco a pouco, as cifras van aumentando. Os datos falan ellos mesmos: en xunio de 2003 había nos telecentros del Navia-Eo us 6.300 usuarios, el que supón al redor del 15% da poboación total da zona.

Como os intereses dos usuarios son moi varios, hai úas prioridades d'uso marcadas nas súas regras internas: primeiro van os proxectos de teletrabayo, formación y teleformación que se fain dentro das actividades del telecentro. Tamén tein preferencia as búsquedas de trabayo y el orientación profesional. Despois xa vein aqueles que quiran fer traballos escolares y os que se dediquen a aprender ellos solos. A verdá é que namáis en dalgúas fechas —como nas vacacións— y en dalgúas das villas principais se tein qu'aplicar con rigor estas condicións. En cada telecentro escóyen d'acordo cuas posibilidades y a demanda os horarios del local, el tempo máximo d'uso dos equipos, da impresora y a limitación del uso dos ordenadores pra cuestións d'ocio.

Os telecentros tein úa páxina web (www.asturias-telecentros.com) unde se poden ver todas as posibilidades qu'ofrecen, el sou reglamento interno, os horarios, estadísticas d'uso y noticias relacionadas cos usuarios. Dentro d'ella pódese acceder á sección de cada telecentro pra seguir a súa trayectoria y as actividades qu'amaña cada ún d'ellos.



Os pequenos son us usuarios fieles dos telecentros

Fendo un pouco d'heitoria

El proxecto dos telecentros botóu a andar en abril de 2001 col proceso de selección dos axentes. Buscábanse sobre todo personas da zona que, partindo d'un bon coñecemento da xente y das posibilidades locais, puderan fer miyor el sou llabor. Ás veces esto llogróuse, pero noutros casos veron mozos y mozas a trabayar dende el centro d'Asturias.

Cayetano Fresco, *Tano*, foi axente na primeira fornada que puxo a andar os telecentros. Chegóu dende el sou Castrillón natal nada menos qu'a Taramundi. Como ben nos señala, a os axentes dos telecentros tocóuyes fer tamén d'animadores socio-culturales porque, por exemplo, condo él chegóu nel conceyo taramundes ainda nun había esa figura. Pois ben, veu a trabayar d'animador sociocultural de novas tecnoloxías. El primeiro paso de cualquier axente é darse a coñecer, dando confianza á xente y informando das posibilidades das instalacións. Nos dous anos que tuvo, trabayóu muito fora del telecentro nese llabor de sensibilización y captación d'usuarios. Tano chama el atención sobre un feito: os nenos foron dando a coñecer el sito a os seus ermanos mayores, despois empezaron a chegar os padres y, al cabo, tamén os bolos.

Y é que son os nenos os primeiros en entrar a sabichar nel telecentro porque los chama a novedá y a posibilidade d'atopar sitios novos unde entreterse. Pero a función principal d'estos sitios é a formación y todos os axentes encargaos dos telecentros procuran ir llevando a os rapacíos das posibilidades d'ocio que brindan os ordenadores ás posibilidades formativas. D'ese xeito, van tentando de qu'os nenos practiquen a mecanografía y amañen allí os seus traballos escolares.



Exterior del telecentro en Santantolín (Ibias)



As escolas veyas del Rabeirón, en Ortigueira, unde ta el telecentro de Cuaña

Condo Tano chegou había úa páxina web del Conceyo, *taramundi.net*. Al cabo de dous anos de telecentro, cuase todos os hoteles tein a súa páxina en Internet, y muitas pousadas y restauráis tein ou tán amañándolas. Nos artesanos, qu'é úa estaxa importante na economía *taramundesa*, el telecentro encontróu úa resposta muito búa y d'este xeito puido axudalos nel que chaman "alfabetización dixital", querse dicir, aprender os rudimentos pra manexar un ordenador y pra moverse pola rede. En Internet puderon conocer recursos que yes podían ser d'utilidá y tamén siguiron abondos talleres.

Os empezos tamén foron aparecidos pra Covadonga Colubi, axente del telecentro d'Ibias. Hoi el conceyo cunta con dous locales, ún na capital, Santantolín, y outro en Tormaleo. Igual que Tano, a Covadonga tamén ye tocóu un sito que nun conocía y pr'alló marchóu: pral llabor d'un axente é fundamental conocer ben el llugar, darse a conocer á xente y, polo tanto, allí vive agora.

Oportunidades pra todos

Destaca Covadonga úa característica mui importante dos telecentros: qu'os talleres, os medios, os contidos, son os mesmos pra todo el mundo, viva en Uviéu ou viva en Santantolín: agora —a lo menos

neste campo— a xente da zona rural ten as mesmas oportunidades d'adquirir conocimientos qu'os que viven nas ciudades del centro d'Asturias. Entre as actividades máis chamadeiras que tán fendo en Ibias resaltan dous talleres sobre Internet pra llabradores y ganadeiros, a través del proyecto *Si-Loc@l*, pra facilitar que, por exemplo, nun teñan que viaxar á capital asturiana cada vez que tein qu'informarse de daqué ou fer un papeleo. Este sector económico tan importante pral occidente asturiano é sempre úa das preocupacións dos axentes, anque é verdá que costa achegarse as posibilidades que brinda a rede. Félix Fernández Álvarez, ún dos dous axentes del telecentro de Cuaña —que, por certo, foi el primeiro centro que s'abriu nel Navia-Eo—, tamén s'esforza por organizar talleres pra llabradores, pero entiende as dificultades: cos sous horarios tan escravos, é normal que yes coste caro poder seguir con regularidá os cursos que yes ofrecen os telecentros.

Peró nun se trabaya namáis con este sector da poboación. En Ibias, por poñer un caso, a os cursos pensaos pr'autónomos y *pymes* acude actualmente úa ventena de personas: albañiles, trabayadores da madera, tendeiros...

Condo un axente d'un telecentro ve cómo a xente vai perdendo el medo y descubre todas as posibilidades, eso presta. Tano recuerda el caso d'us emigrantes *taramundeses* en México que vían ás veces a pasar úa temporada á súa terra. Ún d'ellos consulta-



Rapaces d'Ibias nun taller dos muitos que se poden seguir nos telecentros

ba os seus negocios y mantíase en contacto electrónico cúa familia, pero el outro, de máis de setenta anos, nun s'estrevía a mandar el mesmo os correos. Al cabo, deu el paso... y acabó embizcándose.

Tano xa nun ta nel telecentro, pero sigue trabayando nun llabor aparecido. Viaxa por toda Asturias col autocar de Si-Loc@!, un proxecto da iniciativa comunitaria EQUAL cofinanciado pola Unión Europea y el Goberno que tenta de promover a sociedade da información nos concellos de menos de 40.000 habitantes. Axuda, por exemplo, a qu'as empresas pequenas y medianas, as *pymes*, se vayan axeitando á tecnoloxía da información y a comunicación, fai orientación laboral y consultoría sobre tecnoloxías novas, etc. Cos cursos de teleformación, que se poden seguir nos telecentros, obtense un título homologado pola Unión Europea.

Félix Fernández destaca cómo pasa pol telecentro todo tipo de xente: rapaciós que veían a fer os seus traballos escolares, xente que vén a consultar el seu correo, a mirar nas ofertas d'emprego, amas da casa, y xente maior. É este último sector da poboación el que, por razóns xeneracionais, ten máis dificultades ou pon máis reparos a chumar nel mundo da informática. Precisamente se trabaya con dinamizadores da terceira idade pra qu'este sector social, con tanto vagar, poda atopar contidos d'ocio, d'información, de viaxes, etc., na rede. Por exemplo, a páxina web dos telecentros cuntaba el caso

d'un cuañes de 67 anos que descubriera Internet gracias á súa neta de nove anos, usuaria del telecentro. Primeiro vía acompañalla y quedaba na biblioteca —que ta nel mesmo edificio— ou pasaba, pero pouco a pouco a prensa dixital foi enchéndose el oyo y, al cabo, precatóuse das posibilidades que brinda a rede. Núa semana y sin asistir a ningún taller, visitóu el Zoológico de Barcelona, entróu nun feixe de páxinas —entre elas, as da zona—, y hasta escuitóu a radio a través d'Internet. Pero os casos chamadeiros son moitos: un rapaz que fixo a súa propia páxina web, úa señora de 82 anos que quería aprender y que, axeitín, puido, xente que contacta con parentes de moi lonxe... Félix pon d'exemplo el caso d'úa madre de Cuaña: ten el fiyo estudiando nel estranxeiro y vai todos os días al telecentro porque a través del correo electrónico poden tar en contacto axina y de balde.

Todos os axentes coinciden nas moitas chufas que reciben dos turistas d'outras comunidades que pasan polas instalacións y que pasan con qu'haxa un telecentro público y de balde en cada concello. Y é pra chufallo, porque el telecentro fai un papel de dinamizador y, anque al principio a xente chega a informarse individualmente, col axuda d'axentes d'emprego, asociacións, axentes d'igualdad, carteles, convocatorias... a cousa vai animándose y faise realidade el obxectivo primeiro: que pra formación y pra información os kilómetros xa nun seían un estorbo. 

¿Cómo ta A FALA entre A MOCEDÁ?

Un estudio en Tapia

↓ Ángel Fernández Fernández

Pra qu'a nosa fala siga viva é fundamental qu'a moxedá la use. Ángel Fernández, un filólogo franquín esmolido pola conservación del gallego-asturiano, quixo pescudar por medio d'encuestas escritas cómo ta a situación da fala entre os máis novos, ver qué grao d'interferencias llingüísticas presenta y analizar despóis qué factores intervén nesa situación. Aquí preséntanos un resume del que foi el sou trabayo, úa investigación máis ampria nel marco del Doctoramento en Filoloxía Hispánica.

Queríamos conocer a situación del gallego-asturiano —como lo definíu Dámaso Alonso— núa parte da moxedá dos conceyos del Franco y Tapia: estudantes de Primaria, ESO y Bachillerato que van á Escola y al Instituto de Tapia. Concretamente, as encuestas fixéronse a nenos y nenas de 5º y 6º de Primaria (10-11 anos), 3º da ESO (14 anos) y 1ª de Bachiller (16 anos). A mayor parte d'ellos naceron y medraron nel ámbito rural y semi-urbano de Tapia y A Caridá. Polo tanto, entre a familia, os vecíos y compañeiros, viviron úa situación de bilingüismo, ouguindo as dúas llinguas, castellano y gallego-asturiano, dende pequenos.

Nas encuestas preguntábaseyes a todos pola súa contornada familiar —d'ónde eran os padres, qué falaban na casa y cos amigos, se tuveran el asignatura de gallego-asturiano na escola, qué canales de

televisión vían—, pidíaseyes vocabulario en gallego-asturiano y tamén úa redacción llibre na súa fala. A os de Primaria y a os de 1º de Bachiller pasóuseyes tamén deciséis frases en castellano pra traducillas al gallego-asturiano, un texto na fala pra pasar al castellano y veinte palabras en gallego-asturiano pra que las esplicaran. Ademáis, a os de Bachiller tamén se yes preguntóu por veinte palabras sobre llaborías da llabranza y déuseyes deciséis frases con parexas de palabras pra qu'escoyeran a forma que yes pintara máis propia da fala.

Os datos obtidos con encuestas escritas nunca son tan espontáneos como os orales: sempre hai que considerar factores como el cansacio dos nenos y a barreira da escritura y, ta claro, namáis nos dan úa idea da llingua escrita y non da falada. Así y todo, os resultaos son ben interesantes y déixannos fernos úa idea de cómo ta a situación.

Resultados das encuestas

A inmensa mayoría dos nenos naceron na zona —igual qu'os padres— y viven nella. Tamén predominan os que nun tiveron clases de gallego-asturiano y, dos que las recibiron, a mayoría namáis foi en Primaria. En conto a os avezos llingüísticos, el 40% dixo que na casa namáis yes falaban en castellano, el 21% namáis na fala, y el 39% nas dúas. Cos amigos falan en castellano el 55%, na *fala* el 6% y nas dúas el 39%. Píntanos claro que, d'us anos pr'acó, muitos padres foron tomando el costume de falaryes a os nenos namáis en castellano dende pequenos pensando qu'así nun habían a ter problemas condo foran á escola, sobre todo condo chegaran a centros superiores en Uviéu o en Xixón.

El 70% dos rapaces ven a televisión gallega: como s'esplica máis adelante, este costume ta influindo nos avezos llingüísticos d'estos nenos d'un xeito mui notable.

A castellanización é ún dos elementos máis claros que sacamos da súa espresión escrita en gallego-asturiano (*arado, caldero, comenzar, después, dinero, donde, fuimos, mientras, primera, etc.*). Pero tamén son muitos os galleguismos (*animáis, cartos, cousiñas, escoito, facendo, galiña, boxe, luns, man, moito, etc.*). Dase muito a sustitución del artículo del gallego-asturiano *el* pola forma gallega *o* (*o ano pasado, o caballo, o camión, o can, o cocho, etc.*), igual que nas contraccións correspondentes (*no avión, no coche, no colegio, no colo, no pobo, etc.*). Tamén muitos cambían a conxunción *y*, propia del sou gallego-asturiano, pola forma *e*, que nun s'usa na zona (*e aprendimos, e ahora, e así foi, e comemos, e comeréi, etc.*).

Otro fenómeno qu'observamos nas dúas primeiras probas escritas é que se dan muitas vacilacións por causa das diferentes zonas llingüísticas del conceyo (*cillerga/celerga/terlerga, chamallos/chamalos, daquén/alguén, etc.*) y pola propia variedá interna (*atopar/topar, despós/despóis, decindo/dicindo, brao/verao*). Dalgús alumnos del Franco, pode que pol contacto cos de Tapia, poín el resultado tapiego nel sito da palatalización propia del conceyo franquín (*cala por calla, alí por allí, leite por lleite, levóume por llevóume, etc.*).

Tamén é verdá que nas encuestas recoyéuse un vocabulario curioso de términos correctos na nosa fala —que pola súa extensión nun anotamos aquí—, lo que demostra que, a pesar de todo, a vitalidá da fala en dalgún rapaz é aceptable. Hasta topamos dalgús términos pouco usaos hoí na súa realidá de cadaldía (*apañar, baraza, cortía, corrada, esfoyón, esqueicer, garabuyo, nía...*).

De todo el que se dixo poden ferse dalgúas valoracións. Dos muitos castellanismos qu'aparecen dedúcese que vai en aumento el costume d'estos nenos de falar en castellano, pero tamén que, al nun tar avezaos a escribir na fala, provócanse máis casos dos que poden aparecer na espresión oral. En conto á presencia de galleguismos parece patente qu'estos




«Día da fala»: actividades nel patio del instituto de Tapia

alumnos nun ven pertinentes as diferencias entre os rasgos da nosa fala y os del gallego, pero tamén pensamos qu'os galleguismos son máis na espresión escrita que na oral y qu'os que tán avezaos a falar en castellano pasan directamente al gallego porque na TVG cayeron muito ben as estruturas del gallego y el sou vocabulario estándar. De seguro que nun sería igual se mantuveran viva a súa fala materna.

Na encuesta unde tían que traducir frases del castellano al gallego-asturiano tamén se deron muitos castellanismos, pero poucos galleguismos se comparamos cos muchos que saliron na proba da redacción qu'acabamos de comentar.

Na encuesta unde había que traducir un texto del gallego-asturiano al castellano, comprobamos qu'a os rapacíos nun yes costóu muito caro este llabor. Dalgús fixéronlo prácticamente de xeito perfecto, mentres qu'outros tiveron fallíos pequenos. Eso nun nos ten qu'engañar porque el contexto axuda muito na traducción y poden entender palabras qu'ellos nunca usan y que quizabes nun sintan cuase nunca (*xoves, lleguas, mocedá, azucre, mercar, zarrando, gado, etc.*). Al cabo, observamos un grao alto de comprensión y eso danos pé pra insistir en qu'esta mocedá ta muito ben capacitada pra ller textos escritos na nosa fala, cousa que feirían máis veces se dispuxeran d'úa oferta máis variada da qu'hai nestos momentos.

Na sesta encuesta, unde se yes daban veinte palabras pra que las esplicaran ou fixeran frases con ellas



Nenos y nenas xugando nel patio da escola de Tapia

(*atanigar, acarriar, amecer, baruyar, boqueira, cachelos, carreiro*, etc.), tentábamnos de comprobar a pervivencia d'estos vocablos y apreciar el sou arte ou a súa torpeza pra esplicarse, ou ben el desconocemento total. Atopamos alumnos que deixan en branco dalgúas palabras y outros que contestan con erros. Parécenos qu'os avezos y xeitos de vida d'estos rapaces son determinantes pra que vayan perdendo, aunque sía axeito, el muito vocabulario que tein sous padres y inda máis os sous bolos. Chamóunos el atención el porcentaxe dos que deixaron sin responder palabras tan familiares pra nosoutros como *carreiro* (16%), *cachelos* (23 %), *amecer* (30%), *enxugar* (31%), *escuruxarse* (39%) ou *encetadura* (45%).

Na sétima encuesta, unde tían qu'escoyer en decioito parexas de palabras a forma máis apropiada pra nosa fala (*venres/viernes, ouguín/oín, nadie/nadie, rovés/revés, vecíos/veciños, sartén/tixela*, etc.), tentábase de valorar se as respostas qu'escuyen en cada caso son propias del sou coñecemento y uso ou se las escuyen por parecерыs que son as que s'axeitan miyor á nosa fala. A verdá é qu'un bon número de respostas resultaron un pouquín aleatorias, sobre todo cuas palabras qu'os nenos sinten como inusuales ou arcaicas y que parece que las escuyen máis por intuición que por convencemento.

Nel última proba escrita, unde tían qu'esplicar el significado de palabras da llabranza ou del gado, queríamos verificar a pérdida rápida d'este vocabulario concreto por razóns obvias: el abandono del acti-

vidá agrícola por muitas familias, el que muitos rapaces tían ayíos a estos llabores aunque vivan neste medio y el cambeo nos métodos de trabayo al perderse formas tradicionais y sustituirse por xeitos modernos. Atopamos respostas abondo correctas en palabras como estas: *mecer* (93%), *cuitar* (81%), *pradiar* (55%), *allindar* (54%), *bacita* (54%). Noutros casos, el coñecemento del léxico foi mínimo: *angareñas* (5%), *maragouzo* (3'7%), *peneira* (3'4%), *gabe-xo* (1'7%), *arabías* (1'7%)... Chama el atención resultados como'l da palabra *cravuñar*, qu'el 95% dos resultados definen como 'afilar', nun diferenciando entre afilar cua pedra y cravuñar col martello y el incra. Tamén el 62% confunden a palabra que yes propoñíamos, *pataqueira* 'pranta da pataca', cua palabra *pataqueiro* 'eiro de patacas'.

Conclusións finais

A tendencia á castellanización é mui grande y podemos afirmar que cada xeneración de rapaces vai incorporando máis número de castellanismos al sou léxico a costa das formas autóctonas. Hai muitas formas castellanas que s'aparecen fonéticamente ás nosas y esto axuda a qu'el cambeo á palabra castellana se faga de xeito sistemático. Noutros casos nun hai tal asomeñanza, pero a presión del castellano llogróu cambialla. Ta claro qu'este fenómeno nun é novo, pero nas últimas xeneracións é muito máis rápido.

Tamén é importante —y grave, al noso xuicio— el influxo del gallego que, dende el ano 1985 cua tvg, ta producindo interferencias claras na fala da población da zona, sobre todo na xente nova que tende a identificar fenómenos llingüísticos propios del gallego cos da nosa fala. Eso provoca que cayan en equívocos llingüísticos notorios al hora d'escribir, feito este que nun se daba, de ningún xeito, antias d'esa fecha.

Hai muitas actuacións ben conocidas por todos que, a bon seguro, favorecerían a conservación da nosa fala: inclusión nos medios de comunicación da zona de programas feitos en gallego-asturiano, máis difusión de textos escritos nesta llingua (artículos, narracións, teatro, folletos informativos, etc.) ou a miyora notable da escolarización dos nenos tanto en Primaria como en Secundaria —hai poucos centros unde se día el asignatura—. Todo esto axudaría a ir eliminando el estigma llingüístico que sempre tuvemos y a tentar de recuperar el azezo de qu'os padres falen cos fiyos na fala. Esta sería a miyor "escola", ademáis del llabor del profesorado nos centros docentes.

El demáis, parécenos que, a pesar de todo, a vitalidá da fala é abondo curiosa y pinta qu'úa parte da población da zona, superada a súa etapa escolar y afincada en trabayos de cadaldía —llabranza, gado, construcción, servicios, etc.— volve ou reafirmase na súa fala autóctona y sigue espresándose na fala de sempre, na de sous padres. 

VEYEZ



↓ Manuel García-Galano

Envejecemos. Miyor dito, a sociedá envejece. Dicen os que se dedican al estudio d'estas cousas que nel último medio siglo a esperanza de vida aumentou en veinte anos. Eu nun lo sei, pero lo que si sei é que, botando el oyo a estas terras d'Entrambasaugas nas que vivimos, nun hai duda de qu'os veyos, y hasta os mui veyos, aumentaron —aumentamos— muito. Nun fai falta máis que mirar al redor noso y reparar na xente pra comprobalo. Esto atribúyenlo os estudiosos da cuestión a varias razóns entre as que sobresaie a miyor calidá de vida da que se disfruta agora. As atencións sociosanitarias de qu'hoi dispoñemos —poño por caso— nun tein nada que ver cuas que tiveron os nosos antepasados, y elo, ameido a outra serie máis ou menos larga de probas, fai qu'a edá da xente tenda a alongarse.

Esta cuestión da veyez esmole a os gobernos que, por medio d'asambleas, conseyos y comisióis, dedícanse al estudio dos problemas —que son mui to— derivados del envejecemento da poboación. Tamén preocupan —cómo non— a os que chegan a estas edades avanzadas: as enfermidades (y, dentro d'elas, as crónicas), as incapacidades, a soledá (que fai trembar a máis d'ún), a dependencia, é dicir, el ter que valirse de daquén pra fer cualquera das funcións da vida diaria...

Y é que, como sole dicirse, nun se trata solo de dar máis anos á vida, sinón tamén de dar máis vida a os anos. Y eso costa. Por eso as comisióis qu'estudian estas cousas falan d'asistencia sociosanitaria máis humanizada, d'axudas a domicilio, d'aumento das prazas de residencias —inda poucas—, da teleasistencia pra os que viven solos, etc., etc. É dicir, trátase d'ir achegando a os veyos úa serie de recursos, algús d'elos inda serodos pra estas zonas unde a poboación ta máis esfargayada.

Peró, volvendo al encabezamento, envejecemos. Y este feito que naide discute porque é evidente, vai parexo con outro que tamén esmole de verdá, qu'é a gran baxa da natalidá: nacen mui poucos nenos, mui to menos que condo éramos nenos os qu'hoi somos veyos. Hoi xa nun se ven aquelas casaradas nas qu'os nenos vivían ás veces apeteirados. Quixen eu comprobar nel Rexistro Civil de Tapia as diferencias de nacementos na segunda mitá del siglo pasado y resultou que, mentras nel ano 1950 aparecen rexistrados 103, nel ano 2000 nomáis aparecen 30. El porcentaxe de baxa queda ben á vista. Así que, entre que nacen mui to menos nenos y qu'úa búa parte da xuventú tende a fuxir pra fora en conto que pode, el paisaxe qu'espera a os pueblos —xa lo tamos vendo—, con tan pouca xente nova, nun é pra dar agocho.





A Casa d'Ibáñez, unde ta el museo y el local da asociación

↓ José Luis Díaz Álvarez

Polas páxinas da revista xa tein pasao muitas asociaciós que s'esmolén nel occidente pola recuperación del noso patrimonio cultural. Queremos ter oportunidade de conocer os seus intereses, as súas experiencias y actividades. D'esta volta temos úa asociación cultural santallesa qu'empezou con muito arranque y que, como imos comprobar, xa deu abondos frutos. José Luis Díaz, máis conocido polos seus amigos como "Alexos", é el seu presidente y nestas rengueiras esplicanos el porqué y el cómo del nacemento d'úa asociación nun conceyo pequeno como Santalla d'Ozcos.

Algo esbuligaba en Santalla d'Ozcos aló polo ano 1998. Falábase de qu'iban amañar a casa unde nacera Ibáñez pra facer d'ela museo. Ledos algús vecíos, despilfarrando pra outros e, pra os máis, indiferencia. Xa daquela, antes de qu'as cousas fosen en serio, úa mozada dos máis ledos dicíamos: ¡hai que facer algo! Hai que facer algo pra, desde fora, arrimarlle el ombro al museo pra qu'os papeles nun amareleen y as pedras nun volvan al tarrén. Era ésa a causa que nos xuntaba. Fixemos un corro, ilegales; fixemos asociación legal. Penso agora que fomos de xeito, sin reveirar, facendo saber a os políticos que tábamos alí pr'abordar se fixera falta, sin pedir nada.

Había de todo naquela primeira xunta, y ¿en común? Us aguantaran el tirón da ciudá e *quedáronse*, outros veron de fora e *quedáronse*, outros marchamos de novos e agora volvémos pra *quedarnos*, outros tán fora e *quédanse* cuando poden.

Daquela taba cuase baleira a caixa da cultura, inda hoi pouco ou nada sabemos del d'antes e dos d'antes, da nosa herencia histórica, y apetecéunos empezar a sacar del esquecemento a os fillos ilustres da nosa terra.

Nada mellor no 1999, no 250 aniversario del nacemento d'Ibáñez, qu'organizar úas Xornadas sobre a súa vida y empresa. Así foi e nun foi mal. Pro nun querendo quedar parados, parecéunos ben repetir todos os anos no mes d'outubre —nacéu Ibáñez el día 17 d'ese mes— aquela boa experiencia. Y así foron pasando, ano tras ano, polas nosas memorias escurcidas, confusas, pro vivas, os «Fernández Lombardero, relojeros», «Fermín Arango y Barcia, pintor», «Patrimonio y Desarrollo» (personaxe ilustre, pouco conocido e menos reconocido), «Andrés Bravo, José Antonio Lombán. Preindustriales del Ferro», protagonistas éstos das últimas xornadas de 2003, que nun han de ser as últimas.

Pra qu'esa parte da nosa historia nun volva a fuxir das nosas cabezas e pra qu'os que veñan detrás polo

menos pregunten quen foi éste, e pra qu'esa pregunta nun se faga del patrimonio cultural e natural, a Asociación coloca placas nas casas onde estas xentes naceran, na súa conmemoración y el recordo agradecido de todos.

As conclusións que d'estas actividades sacamos son calcadas ás de calquera outra asociación cultural: traballo, sacrificio, desprendemento, costancia, duda, medo, desánimo, ridículo... ¡Tanto pra tan pouco! Penso qu'el meirande problema é ún solo: os cuartos. Esos bichos tein raíces difíles d'arrincar e parecen tar vedados prá nosa comarca fértil e necesitada. Arríncanos outros, con maña, pra chantalos caprichosamente entre carbón, unde, xa se sabe, morrerán de sede.

Tamén é verdá que nos gustaría máis participación da xente anque..., como dice un amigo meu, «pral ano que vén, hai que poñer taberna e samba». Ten qu'haber de todo, amecer, que non xebrazar, sabendo que no bordel faría e farelo salen del mesmo grao, procurando enriquecer multiplicando. Así e todo, ten razón: a Cultura dá pouco leite.


Luitamos pra qu'el noso patrimonio nin se perda nin se disface. Como é mui grande ese legado, recolemos el máis fráxil, intanxible, qu'é el patrimonio oral. Fráxil al ser propiedá das cada vez máis esmorecidas mentes d'us poucos, cansados xa de levar ás costas tan pesada herencia, os pilares, soporte de fundamentais códigos éticos sangrados agora no altar del desarrollo. Aguillados por esto, convocamos, xa el ano pasado, un concurso que nun debiera facer falta: «I Premio Antonio Raymundo Ibáñez. Relato hiperbreve. Fotografía».

Os relatos foron impresos e publicados el 10 de marzo de 2003, primeiro intento de deixar en letras lo que decote foi falado tal cual, unde el acento vén del paladar, unde a entonación emocionada el dice todo sin valir pra nada a "h". Foron os abolos, outra vez, camelados polos netos, os garantes da tradición. Dichosos eles y as infantiles fantasías nacidas d'un relato escuro al pé del lume.

Os retratos máis que valorar un feito concreto levan el fin de facer úa carpeta con miras ás xentes amigas que veñan detrás. ¡Quén sabe se pra dentro de cen anos xa nun urdú algún inxenioso hidalgo,



El borro da Casa d'Ibáñez



Enrestrando nel esfollo qu'amañou a asociación

sacamanteigas, chupar hasta el aire dos Ozcos! Pretendemos saber dos Ozcos cómo eran, cómo son, cómo éramos, cómo somos. Aí ta. Tamos agora vivindo el II Premio, tercetos.

¡As polavilas! Nestos pueblos marcados polo aislamiento y a soledá inda á Vila (Santalla, Samartín, Vilanova) íbase pouco, mui de ralo en ralo, cuase sempre por necesidá. Cuando alguén tía que facelo, al volver al pueblo todo Dios s'interesaba —¿Qué hai pola vila?—. D'este xeito nace un periódico sin letras, falado da cada día. Hoi, os vecíos das pedanías de Santalla volven a xuntarse a os sábados pola noite na cocía da casa d'Ibáñez, en Ferreirela de Baxo, a contar as súas historias con gracia sin samba, tele nin sequera radio. Se pra cenar hai papas ou castañas, roxóis ou torrezos y algo de tinto..., pois millor. Nunca falta calor nin leña, nin lume nin fume, nin polavila. Xa levamos anos nestas xergas pro é de reconocimiento y aplauso qu'estas cousas nun as programa nin Concello nin Asociación senón os vecíos que se xuntan eles mesmos por apetecerlles ir de polavila. El qu'alí fora que s'esqueiza de sabicheirar, retratar nin tan sequera preguntar: oír, ver e falar. Falar de todo, hasta da política. Aí ta.

Hai un refrán oriental que dice qu'a única manera de facerse inmortal é contando todo cuanto ún sabe. Tamos neso, aprendendo a escuitar y a falar.

E volvendo al d'antes, á falta de cuartos que nos axudarían a facer muitas máis cousas, espello de toda asociación cultural, somos amos d'algo sin precio que boa falta fai: ilusión. 



↓ Alberto Álvarez Peña

Núas terras como as occidentales, unde as ferreirías tiveron sempre tanta importancia, nun podían faltar as tradicións y contos relacionaos col ferro y cuas cousas que se faín con ese metal. Y, tratándose del ferro y del llume, nun podían faltar nellos el personaxe del demo. Alberto Álvarez Peña fai un recorrido por dalgúas hestorias que se cuntan por aquí y por alló sobre ese milagre que pra muitos antigamente tía que ser a forxadura del ferro.

En Grandas de Salime cuntábase qu'el demo conocía a serra y todo el que ten que ver con soldar el ferro. A xente por aquel entoncias nun tía aqueles conócementos, asina qu'el primeiro ferreiro qu'houbó foi ver al demo á cova unde vivía y díxoye: «No meu lugar xa conocemos a serra». El demo contestóuy: «Eso é que vistes a folla del castañeiro». «Nun la vímos, pero xa la veremos», contestóu el ferreiro que, de volta pal sou lugar, víu a foya del castañeiro —que ten dentes— y púxose a inventar a serra. Del mesmo xeito ye sacóu el sacreto de soldar el ferro, dicíndoye: «No meu lugar xa sabemos soldar el ferro». Y contestóuy el demo: «Eso é que lo barruzastes con auga barrenta» (Cuntao por José Naveiras Escanlar “Pepe el Ferreiro”, que yó ouguú a sou padre Benigno Naveiras, ferreiro y nacido en Grandas, 10-9-1996).

Esta hestoria tamén se conoz en Euskadi, anque allí el héroe popular que pezquiza nel demo os sacretos é San Martinico y el demo é un xenio dos montes que chaman *baxajaún* ('El Amo del Monte'), de xeito semihumano, mui peludo y con gadeyas que ye chegan hasta as rodiyas. En Oyarzun, San Martinico chegóu a sacarye por medio de preguntas el sacreto da serra, cómo soldar el ferro y cómo fer

el eixe del molín, con umeiro. En Ataúm, San Martinico déixase cayer derriba d'un montón de trigo qu'había na cova unde vivía el *baxajaún* pra qu'os graos ye quedaran apegas nas sayas y asina, al volver prá casa, poder semallo: outro sacreto arrincao a este xenio da natureza¹. Como vemos, y outra vez máis, debaxo del nome del demo vólvese esconder úa divinidá precristiana ben veyá.

En Bisuyu (Cangas del Narcea) cúntase que, como a xente nun sabía soldar el ferro, mandaron a un neno berrando: «Martín fierru caldióu». Y el diablo contestóuy: «Cigarra ou arena echóu». Nada máis ouguillo, a xente botóu *cigarra* —escoria da frau-gua— y d'este xeito soldaron el ferro. En Samartín d'Ozcos había el avezo de dicir: «San Martín ferro soldóu, terra ou barro lle botóu». Podería pensarse qu'esta hestoria veu al occidente asturiano cos ferreiros vascos que chegaron nel s. XVIII² pra fer muitas das ferreirías y mazos dos Ozcos, Grandas, Taramundi, y que, tres del demo, ta el *baxajaún*. Pero hestorias aparecidas salen en toda a Europa occidental y vein a dicirnos cómo a xente ten el sacreto del ferro como dalgo roubao a os mesmos dioses: el ferro déixayes fer ferramentas pra llabrar a terra y tumbar os árboles, y armas pra defenderse dos animales que yes atacan el gao. El ferro failos amos

del mundo conocido y por eso hai abondas hestorias unde trasnos y fadas fuxen al vello. En Bretaña, os *korrad* —xenios peludos y con patas de cabrito, que viven nel monte y debaixo dos dolmes— fuxen al ver un llabrador col vasadoiro, dicindo: «Déixalo tar, déixalo tar, que ten reya (de ferro) nel vasadoiro»³. En muitos llugares escoceses y irlandeses úa cruz de ferro escorría as fadas⁴; ameciáase al poder del ferro el símbolo da cruz adaptao d'outras culturas polos cristianos.

Noutras hestorias, el demo miyoraba el invento da serra lizándola, quer decirse, torcéndoye os dentes pares pra un llao y os impares pral outro. É el caso d'este que nos cuntou el 26 de febreiro de 2001 María Bouza, de 71 anos, nacida en Lourido y hoi vecía de San Tiso: «Contaba meu padre que, serrando con serra d'aire, apretaba e nun podían aserrar ben. Entonces un día foi de viaxe e preguntoulles a unhos cómo facían pra poñerlle lizo á serra, qu'apretaba muito, e dixéronlle o que lle pasara co demo, qu'a-rreglara a serra así (María fai visaxes cua boca, enseñando os dentes d'un llao pral outro, movendo a boca). El demo torcéu un dente y outro da serra pra un lado e pra outro y así puido aserrar millor». En dalgúas versións muito máis cristianizadas, el diablo fai esto mesmo col intención de cegar a serra de San Xosé carpinteiro, pero a falcatrúa vólvese contra él porque al fer eso a serra ta máis graciosa pral llabor (cuntao por Manuel Suárez Llana, 85 anos, Premoñu, Les Regueres, 17-1-1997).

Pra rematar, qué miyor qu'outro conto asturiano, neste caso recoyido en compañía de Suso Suárez el 30 de xunio de 1998 en Pulide (Candamu) a Milio González Rodríguez, de 83 anos. Na hestoria vólvese dar el xuntoiro del ferreiro y el demo y volve quedar clara a valía del ferro prá civilización que s'impón á naturaleza. Cuntan que s'encontrara un oso col diablo y dixo el oso: «¿Quién pode máis qu'eu?», y díxoye el diablo: «Hai outro bicho que pode máis que tu. Ven comigo que cho vou enseñar». Y botaron a andar pol mundo. El diablo iba delante y atoparon un home mui veyo, con un bastón. Y dixo el oso: «¿É este?». Contestóuyel el diablo: «Non, este foi». Siguiron pol mundo alantre y atoparon un rapacín saltando y brincando. Dixo el oso: «¿É este?». Y el diablo dixo: «Non, este será». Siguiron el camín y deron con úa fraugua que tía todos os cristales rotos de saltar os ferros. Asomóuse el diablo á ventá y víu un ferreiro que taba mazando nel ferro cuas tinazas.

Entonces retiróuse del ventano y díxoye al oso: «Mira, ei dentro ta el que pode máis que tu». Asomóuse el oso pol ventano, pero el home, que vira el focico del diablo asomao, taba aguardándolo cuas tinazas roxas y enganchóu al oso pol focico cuas tinazas calientes como taban y retorcéuyelo. Safóuse el oso como puido y dixo él: «Coño, si que pode. Gracias que me coyéu namáis con dous didos, que se me coye con toda a mao, ¡arríncame a cabeza!»



NOTAS:

¹J. M. DE BARANDIARÁN (1988), *Mitología vasca*, Txertoa, Donostia.

²J. LÓPEZ ÁLVAREZ & A. GRAÑA GARCÍA (1998), *Ferreñas, mazos y fraguas en Asturias*, Servicio de Publicaciones del Principado de Asturias, Uviéu.

³N. ARROWSMITH & G. MOORSE (1997), *Guía de campo de las Hadas y demás Elfos*, Ed. José J. de Olañeta, Barcelona.

⁴K. BRIGGS (1992), *Diccionario de las Hadas*, Ed. José J. de Olañeta, Barcelona.



DIBUJO: ALBERTO ÁLVAREZ PEÑA



↓ Emma Méndez

W P

arece mentira que tando tan cerca nun tuvese nunca aquí y inda más que nunca se m'ocurrise preguntar por qué nunca víamos a estas festas condo todas as mías amigas vían y todos dicían el búas qu'eran. Debía ser que taban nel caxón dos asuntos dos que nun había que falar, col tema dos bolos y das cousas d'an-

tías. Aquel caxón que fixen na cabeza condo en primeiro de básica mandaran preguntar na casa pollos bolos, tíos, primos y demás familia pra fer un exercicio. Ma respondérame qu'ella nun tía ermaos nin tíos, nin sabía más da súa familia qu'os nomes dos sous padres, qu'al padre nin lo conocera, nin a os bolos, nin case á madre. Y aquela nena de seis anos qu'era eu sintíu, más que soubo, que nun había que falar da familia de ma.

El asunto das festas fora despós y d'outro xeito. Sempre había festa noutro llao y alló íbamos, anque fose más llonxe y peor festa. Pro un ano, condo xa iba de festa coas amigas, preguntara na casa pra vir acó y a contestación fora que non y, como insistise, quedéi na casa, enrabiada y sin encontrarme sentido á bronca que me cayera. Pro, como sempre acababa por aceptar el que me dicían, pasóu el día y pasóu a romeiría, y fun á seguinte festa sin acordarme más d'aquella, qu'además chovera y nun valira nada.

Hasta fai cuatro días.

Nunca sentira discutir así a os meus padres. Nun berraban, pro aquello era peor que se tuvesen berrando.

Eu chegara á casa de dar úa voltía y entréi na cocía pra dar ás búas tardes antias d'ir llavarme pra ciar. Pro naide me sentíu. Ma inda taba fendo a cía y pá taba dereto al pé d'ella, escuitando el que ye dicía. Seguí pral servicio y allí chegóume a voz ronca de pá. A él si lo escuitaba ben y falaba d'olvidar, del tempo que pasara, del que cambiaran as cousas... Un montón de razóns pra convencella de fer algo que nun quería. Pro ¿qué?

Y entoncias respondéraye ella cousas qu'a min nunca se m'ocurrira nin soñar que ma puidese pensar: qu'él nun sabía qué era ser fiya de solteira nun aldea, qu'allí as cousas nun cambiaban tan fácil y que, condo se fora, xurara que nun iba volver y pensaba cumprillo. Y un montón de cousas más hasta que se ye quebróu a voz y empezóu a chorar.

—Xa. Pro túa prima nun ten culpa del qu'outros che fixesen sentir.

Y entoncias tocóume a min reaccionar: ¿prima? ¿Ma tía úa prima, tíos? ¿Por qué nunca me falaran da familia de ma? Acababa de dicir algo d'úa fiya de solteira, ¿era ma? ¿Y qué ye pasara pra nun querer saber nada del resto da familia? Porque familia tía que ter...

Cheguéi á cocía y sentéime esperando qu'empezasen a falar, a cuntarme todo aquello que tían tan callao.

Úa prima dos anos de ma, fiya da tía que la recoyera condo mía bola moríu, sendo ella inda nenía, chamárala aquela mañá y despós fora vella y falar con ella, convidarnos a comer hoi, el día grande da festa, agora qu'ella era el ama da casa y podía fer el que súa madre nunca ye deixara: chamar á prima que se fora condo xa nun puido aguantar más os desprecios qu'ella ye fía y que ye mostrara que nun tía razón en nada de conto ye dicía..."

—¿Inda tas mirando esa foto? ¿A qu'é verdá? ¿A que te pareceis muito a ella...? Más que túa madre, que todos dicían que tiraba más al padre, y eso que pouco lo conoceran... Probín, moríu na guerra. Os compañeiros mandáranme esto á tía bola condo pasóu. Nun sabían qu'él ye deixara outra cousa de más valor pra ella, anque pouco la disfrutóu. Nun tía el anín túa madre condo ella moríu. Y el demo de mía madre sempre falando mal d'ella, pro deuye nos focicos y eso nunca ye asentóu. ¿Pos nun quería que ye prometese que nun vos iba chamar? ¿Tempo me faltóu, que nin medio ano fai que la enterréi! ¿Y que s'atreven a dicir daqué de vosoutras por vir...! Coa mía familia nun se mete nadie...

"Y aquel abrazo enchéume el alma."





I Festa da malla en San Tiso d'Abres

A todos os veciños de San Tiso

“Cando Pedro d'Amago propuxo facer a festa da malla, eu penséi que taba tolo...”. Con estas palabras empezou Ángel de Chavarra (o Presidente da Asociación Cultural San Tirso del Eo), a contarme de qué maneira empezaron aquilo que fora idea de Pedro e que despois resultou ser o acontecemento do ano. E digo acontecemento porque, como o mesmo Ángel me dixo, despois de valorar e analizar a idea, entusiásmáronse tanto con ela que xa nun quedaba máis que botala a andar.

↓ Aurora García Rivas

O asunto nun era cousa de dous días. Pra mallar había que ter trigo e, pra ter trigo, o qu'hai que facer ben o sabían Pedro y os máis. O traballo que tiñan por diante iba durar case un ano, e facía falta ademais qu'as cousas saliran algo ben, buscar axudas e conseguilas, moverse, non sempre por medios mui fáciles. O caso foi que Juan do Marqués deixóulles unha leira en Vilela dunde Pedro labrou a samente que foron buscar a Sequeiro, na Fonsagrada (Lugo).

San Tiso vía así, despois de moitos anos, medrar o trigo e madurecelo derriba da terra d'alí. Cando chegou a hora de segar, o mesmo Pedro e José Manuel de Sueiro, segárono, mentras o ataban Juan do Marques, Florentino d'Eilale, Clemente de Coto, Genín do Piñeiro, Donino de Foxas e familia e tamén Ignacio de Reboredo. Eran un bon fatado de xente qu'ataron unhos oito faces (un *faz* son corenta mollos).

Este trigo levouse nun tractor prá praza do San Juan, dunde s'iba facer a meda o día vinteun de setembro á tardiña.

A meda

Empezouse a medar sobre as nove da tarde, con moito día aínda, pro cando xa nun quentaba o sol, qu'aqueles días queimaba como se fora lume.

Ángel de Chavarra e Pedro d'Amago tiráronlle os mollos a Paco de Robaín dende o tractor, y éste empezou a meda cun ollo bárbaro, calculando a bulto qué tipo de meda tiña que facer. Pra esto fai falta ter boa mao e muita experiencia, e Paco é un home que foi mui avezado nesto, así que por este lado tiñamos unha boa garantía de qu'a meda iba salir ben. Axudáronlle neste labor Clemente Coto, Luis de Rochiña, Suso de Robaín, Rafael de Lourido, Manolo de Castro, Ignacio de Reboredo e Modesto de Reademoiños, ademais d'un bon peteiro de veciños que daban consellos e dirixían o traballo ós berros, con bon humor: dalles pr'acó, dalles pr'aló, ponos d'este ou d'este outro xeito...

Como ten que ser, Paco —que xa dixeran que sabe ben por dúnde anda— deixou os mollos pequenos pra zarrar a meda y ó cabo d'unha hora tiñamos diante dos ollos unha meda pequena, dereita que daba gusto vela, cos seus espetos ben chantados nos mollos do pico, y atados unhos ós outros por algunhas pallas, como mandou sempre o bon facer d'estas cousas.

Despois d'aplaudir tan bon labor, os gaiteiros de Riotorto tocáronnos algunhas pezas de música: jotas, muiñeiras... Daba gusto sintilos, tocaban mui ben e luciron mui guapos traxes galegos, da súa terra.

Zarróuse a festa coa tirada de fogos artificiais, xa entrada a noite.

Toñín de Sifredo chegou de Meira, co seu camiión cargado coas máquinas prá malla (o motor, a máqui-



AURORA GARCÍA RIVAS


Cebando a máquina cos mollos da meda

na e a limpiadora), o venres pola noite, antes de qu'empesara a verbena da festa do braneante. E postas as máquinas na praza do San Juan, axudóu a asentalas polo tarreo Eugenio Rodríguez.

Eu aproveitei tamén a tarde pra falar con algunos veciños no bar de Rogeliña, e recollín estes refráis que veñen nin máis nin menos pra esta xeira: «Niebla na Pena da Vaca, pousa o foucín e ata» (dito por Claudio da Pallaza de San Andrés), «Niebla en San Juan, quita viño e nun dá pan» (dito por Martínez), «Díxolle o nabo ó trigo: aí, trigo remolón, quince días botas debaixo do torrón, nun sabe teu amo se te ten ou non», «Díxolle o trigo ó nabo: e tu, pixa ardida, qu'ós tres días tas nacida» (dito por María da Carreirachá). Despois os veciños animáronse e dixeronme outros tamén ben guapos: «Cando a garza vai pra Meira, pon a sella na goteira, cando a garza vai pró mar, colle os bois e vai arar» (dito por Fernández), «Nunca vayas á Garganta sin levar as alforxas y a manta» (dito por Ignacio de Reboredo).

A malla

O día vintetrés amencéu barruzando. Cando abríñ a ventá ben penséi que tanto traballo, tanto entu-



AURORA GARCÍA RIVAS

A máquina de mallar

siasmo e tanta ilusión iban quedar en nada. Todo o brao facendo o calor do demo y aquel día, que nos facía boa falta o sol, poñíase a barruzar namáis que pr'amolarnos. Sei eu de quen botaba lume polos ollos e miraba pra Trasdacorda a ver se había maneira de qu'abocanara algo.

Alguén debéuse encomendar a algún santo bon, qu'aí polas once empezóu a quentar o sol coa mesma forza de todo o brao, y antes das doce xa tábanos todos naquela cita que tínamos pra facer a *I Festa da Malla*.

Había muita xente orredor das máquinas. Aquelo qu'hai algunhos anos era o normal, cousa de cada brao en cada aira, este día era unha festa de recordo, de tradición, algo qu'os vellos e menos vellos vían coa cara chea de contento, y os novos (qu'había mui-tos) miraban coa curiosidá normal d'unha cousa que nun viran nunca. Entre a xente, como unhos máis, taban a Conselleira de Medio Rural, Servanda García



AURORA GARCÍA RIVAS

Tamén os nenos participaron na festa

Fernández, y o Director do Instituto de Desarrollo Rural, Eduardo Lastra Pérez, así como a Alcaldesa de San Tiso, Goretti Quintana y a Concellala de Cultura Inés Ron.

Pouco antes d'empezar a malla, chegou Crucita da Farrapa con unhos cuantos nenos e nenas vestidos con sombreiro, sayas e chambras como as que levaba a xente d'antes ás mallas, pra traballar. Foi un detalle ben guapo.

Púxose a andar o motor polos maquinistas que viñeran de Meira, axudadós por Luis de Carlangas, y a polea empezóu a tirar pola máquina, despois de botar unha boa fumareda moura. A polea chifrabá e, mentras, Florentino d'Eilale empezóu a tirar os mollos da meda pra qu'Elói de Quiroga e Clemente os subiran á mesa. Espallábanos Ramón González e Ramiro Miranda antes de qu'Angelito de Lombal cebara a máquina.

Teño que dicir qu'a xente, sobremaneira a d'antes, emocionábase sintindo ese ruído que nun se parece a ningún, o do trigo pasando polo tambor da máquina e salindo pra fora, e tamén ese olor tan especial, mezcra de trigo e gasoil, debaixo d'un sol qu'estapinaba.



A xente traballando na malla

Nun fixo falta pedir a naide que traballase. Alí taban os angazos, as varas, os bortos, as escobas de xesta, todo o que facía falta, así qu'houbos moitos homes e mulleres qu'arrimaron ben o ombro pra qu'aquelo marchara. E marchou bárbaro. A xente traballou como cando se facían as mallas, nun lles esquencera nada, y eu acordábame tamén como se fora hoi.

Así qu'empezaron a sacar o trigo prá limpiadora. Isto facíano Delfina d'Amorín e Pilar da Pallaza, qu'o levaban prá limpiadora, de dunde o recollía María do Ferreiro.

Fíxose a malla en tres tandas. Na primeira parada faláron as autoridades locais e da Comunidá, e na segunda Cándido Sanjurjo deunos unha disertación moi interesante sobre o trigo y as mallas d'antes, con ese saber dicir que ten Cándido —home que viviu e leu moito—, con tantos coñecementos que sempre dá gusto escualo. Todo isto foi moi ben amenizado polo conxunto de gaitas de San Tiso, Brisas del Eo, que tocaron de maravilla.

E despois d'acabar a malla, de rematar o paleiro (feito por Toñín d'Espasande, Pepe do Conde e Paco de Robaín), ben rematado cosas súas chombas e todo, e de barrer a praza que facía d'aira —que pra eso taban alí as escobas—, todo o mundo se foi sentando pra comer.

Dende as cinco da mañá, algunhos, e aínda dende a víspera, tuveran cucinando sin parar: Carolina,

María de Rochiña, Loli e Pepe do San Juan, con moitos axudantes que lles botaron unha mao, sobre todo pra servila nos pratos, como María Isabel do Ferreiro, e inclusive nenos e nenas como a de Loli e Pepe (y os que faltan que me perdonen o esquezno, porque iban e viñan sin parar).


Así foi como puidemos acordarnos tamén das comidas das mallas: aqueles cocidos de cocho, lacón, chourizo, orella, focín, toucín, todo cos seus garabanzos e a súa pataquiña; e, pra rematar co postre, queixo e dulce de membrillo como ta mandado.

Os que nun puidemos coller sitio nas mesas, puñémonos nas escaleiras da capilla, que prá fame nun hai pan duro e cando nun hai sillas ben valen as pedras, y ademais había unha boa sombra, que nos veu bárbara pra tanto sol, que nun se paraba de calor.

Cando xa todos tábamos ben comidos, eu lin da revista *ENTRAMBASAUGUAS* o qu'escribira tamén sobre as mallas. Nun lles dixen nada que nun soupera moita xente, pro escuitaron calados e con moito interese, así que nun me queda máis que dar as grazas a todos, á Asociación Cultural por invitarme a esta festa, tamén por escollermes, non só pra esta lectura, senón pra dar o pregón e participar noutras actividades da Semana Cultural, ós veciños polo cariño y o bon acollemento que me deron, y animalos pra qu'esto qu'empezou con tanta ilusión siga pra diante e todo o mundo bote unha mao cando faga falta.



Aquelas ORQUESTAS da Veiga



↓ Félix Martín Martínez

Nel tempo dos grandes conxuntos musicales, instrumentos electrónicos, feixes y feixes de decibelios por canal, y sofisticados escenarios y luminotecnias, botamos agora un oyo ás orquestras d'antano da Veiga, fundamentais nel tempo d'ocio d'aquelas festas y romeirías tan populares nel occidente asturiano. Pra outra ocasión han vir a estas páxinas os conxuntos veigueños máis "novos" como os Locos, os Estoicos ou a Orquesta Venus, pero agora é el momento de qu'empiece a música das orquestras...

mos falar de tres orquestras da Veiga: a *Orquesta Ibis*, el *Conjunto Azul* y a *Orquesta Capri*. Cada úa d'elas foi dando el relevo al outra hasta chegar cuase a os nosos días. Nas tres tocóu José Villanueva Iglesias, *Pepe el Diestro*, de Piantón, qu'é memoria viva da tradición musical veigueña y con quen podemos reconstruir as andanzas dos tres conxuntos. Tamén nos axudóu cos seus recordos Ángel Arango Fernández, que foi director da Banda de Música da Veiga nel ano 1945.

A Orquesta Ibis (1945-1952)

Amañouse en 1945 baxo el patrocinio de Raimundo d'Eulogio, empresario hosteleiro veigueño y fundador del salón de baile *Parque de los Pinos*, que taba al pé del pinal del barrio del Fondrigo —d'ei el nome— y qu'hoi é Avenida de Galicia. Naquelas fechas este salón era úa das miyores referencias d'ocio dos alrededores.


Dende ese tempo a *Orquesta Ibis* foi titular del salón que, a os domingos a media tarde, amañaba un baile a unde iba muita mocedá. Había veces, el demáis, qu'a dirección del salón, pra que chamara máis al público, contratava a búa parte das miyores orquestras del momento, como *Negresco* de Trubia, *Gon d'Avilés*, *Bellas Farto* de Ferrol, *La Equis* da Coruña y *Satélites*, tamén coruñesa y quizabes a de máis calidá musical d'aquel entoncias. Nestos casos condo a orquesta titular deixaba paso a outra agrupación musical, así y todo, el empresario pagábayes todo el xornal como se trabayaran. En 1948 eran 35 pesetas por músico, a cambio de tres horas de música de baile que, al ver dos sous compoñentes, era abondo duro.

Ibys amañábanla Javier Posada (piano y director), Pepín Ferrería (saxo tenor), Armando Vijande (bate-

ría), Sergio (saxo alto), Luis (vocalista), José Luis Reguera (contrabaxo), Feluxe Guerra (trombón) y Antonio Méndez. Ei camín de 1950 entróu Ramón Guerra (batería) y Pepe Villanueva Iglesias, *El Diestro*, que tocaba varios instrumentos, pasóu a director del conxunto.

Os ensayos fíanse as máis das veces nun local del Conceyo da Veiga que yes deixara el mesmo alcalde, Francisco Graña. El equipo musical col que cuntaban, mui precario, tía un amplificador Philips, qu'era del amo del Salón, y un micrófono de pouco máis de 20 watos. Loureiro era a persona encargada da microfonía.

A orquesta, que se presentaba en público uniformada con traxe branco, actuóu en búa parte das festas y romeirías de todo el occidente asturiano, ademáis de nos salóis de baile de moda: aparte del xa nombrado *Parque de los Pinos*, na *Casa Alfonso* da Caridá, nel *Salón Edén* de Tapia, etc. El grupo acabóu en 1952.



A Orquesta Ibis nel Salón "Parque de los Pinos" da Veiga.
D'esquerda a dereta: J.L. Reguera, Sergio y Luis del Ferreiro, Javier Posada, Pepe el Diestro, Ramón Guerra y Pepín Ferrería

El Conjunto Azul (1952-1956)

Cua desaparición da Orquesta Ibys, Pepe el Diestro amañou el *Conjunto Azul*, agrupación que taba formada por Santiago Marcos (saxo, frauta y piano), Tino Xeneiro (saxo tenor y acordeón), Ángel Gallopín (saxo y clarinete) —nacido en Ribadeo y del que se recorda a súa interpretación tan búa del pasodobre «En er mundo»—, sou ermao Benjamín Gallopín —que chegou a ser director da Banda de Música de Celanova y da Banda Municipal de Huelva—, y el propio Pepe (clarinete, trompeta, acordeón y guitarra). Como vocalista taba Lelita, nacida en Vilavede, á que despois substituíu Pilarina, de Piantón, y despois Lela, de Presno. Tían un amplificador da marca Sívum.



El Conjunto Azul en 1955.

D'esquerda a dereta: Miguel, Santi, Lelita y Pepe el Diestro

A orquesta chegou a ser habitual en cuase todas as festas y romeirías dos arredores y tuvo muito éxito nos cinco anos que durou. Como gran especialidá hai que falar das súas interpretacións nas misas das festas. Despois de cada brao, a orquesta replegábase a os salóis de baile, entre elos el *Salón Edén* de Tapia, a unde iban muito.

A Orquesta Capri (1960-1997)

A orquesta amañáronla os músicos Tino Xeneiro, Miguel el Pinolo (batería), José Luis Braña (saxo y acordeón), Santiago Menéndez, Daniel Rodríguez, Florentino Gómez, Pepe el Diestro y el sou fiyo, Juan Carlos Villanueva. Chegou a ser titular dos miores establecementos hosteleiros da zona Navia-Eo, como el hotel *Puente de los Santos*, unde tiveron tres anos, el *Peñamar* de Castropol, nove anos, y despois nel restaurán *Los Pepes* d'Ortigueira. Tamén eran avezas os nel local conocido como *La Pena*, nel conceyo lugués de Ribadeo, nel *Salón Edén* de Tapia y nel *Café de Leandro* da Veiga. Precisamente entoncias, nel ano 1969, foi a primeira edición da FERIA de Mostras da Veiga que, de xeito ininterrompido, vén sendo el acontecemento comercial y social máis



FOTO AMOR

A Orquesta Capri en 1969, nel Festival Caravana. D'esquerda a dereta: Santiago Menéndez, David Rodríguez, Juan Carlos Villanueva, Pepe el Diestro y Florentino Gómez

importante da vila. A orquesta, que se presentaba en público uniformada mui elegante, foi a encargada d'amenizar el que chamaron Festival Caravana 69, que s'organizaba al son das actividades da feria. Por esos anos, esta agrupación xa utilizaba úa mesa de sonido electrónica, marca Samick, á qu'incorporaran tres grandes columnas megafónicas.

Hai que reparar nel importante que naqueles anos era, en conto al ocio y á música, qu'houbese salóis de baile: un escenario pra os artistas del época, ademáis d'un sito pra pasalo ben y pra cultura musical del público del momento. Neste sentido, y a falta d'outras ocasións, este tipo d'orquestas aprotaban el inverno, sobre todo, pr'actuar en todo tipo d'acontecementos sociales del tipo das bodas, homenaxes, etc.

Como datos xenerales das orquestas veigueñas qu'acabamos de nombrar, hai que dicir que todas elas taban obrigadas a cumprimentar a documentación tan arrevesada qu'a Sociedá Xeneral d'Autores (SGAE) esixía, qu'ese dicir, a lista das cántigas que tocan y os sous autores, cousa que supoñía pra esta sociedá un ingreso del 20% da parte que cobraba cada orquesta. Ás veces eran os propios compositores os que mandaban as cántigas ás orquestas pra poder cobrar despois pola súa interpretación a través da SGAE. As editoriales d'aquel entoncias (RCA, Hispavox, Ediciones Vázquez, Ediciones Musicales Brincos, Ediciones Guillermo Yuqué, etc.) tamén avezaban a mandar directamente as súas obras.

Os ritmos máis tocos entre os anos 1946 y 1970 eran principalmente valsos, cumbias y pasodobres. Cada festa y verbena podía supoñer non menos de cinco horas d'interpretación, cousa que supoñía abondo esforzo profesional. Nas actuacións de xeito máis familiar ou particular, como podía ser el caso das bodas ou homenaxes, as cántigas que se tocaban eran muito máis actuales y era el público el que las pidía directamente a os músicos.

Os músicos, que tían úa situación laboral muito ben reglamentada pola Seguridá Social, tían que pagar a esta entidade en 1970 —por citar úa fecha— úas 30 ou 40 pesetas por actuación. D'esa xestión encargábase a comisión de festas que contrataba, un detalle que se miraba con muito rigor según as esixencias del administración correspondente.



Llibros





TOPONIMIA DA PARROQUIA DE SERANTES (TAPIA)

- Autoras: M^a Belén García López, M^a José García Rico & Blanca E. González Fernández.
- Colección Toponimia n^o 101, Academia de la Llingua Asturiana, 2003.
- 38 páxinas.

Estas tres profesoras tapiegas acaban de publicar el sou trabayo de recoyida toponímica da parroquia tapiega de Serantes. Dentro da colección "Toponimia", que xa pasou del cento de parroquias recoyidas, agora tócase a vez al conceyo de Tapia, del que xa tán publicadas a parroquias de Tapia y a de Campos y Salave.

A peculiaridá xeográfica da parroquia de Serantes é que ta xebrada en tres partes: úa meirande unde tán os lugares principais (Rapalcuarto, Calambre, Pedralba, A Caleyá, Santa Galdía, Viyamil, San Polayo, Vilanova, El Foristo, El Tesouro, A Penela, El Cornayo, etc.), y outras dúas máis pequenas, el que chaman Serantes de Riba, estremadas pola parroquia castropoleña de Tol del resto: A Grandela y A Buenavista, por un llaio, y A Brañela, Penadecabras, Cebedín, Acebreiral y parte de San Cristoba, por outro.

Anque el llibro nun ta escrito en gallego-asturiano —senón en asturiano, pra seguir a llingua xeneral da colección—, a toponimia ta recoyida tal como as autoras la sintiron dos informadores y nella pódense ver ben as características da fala local. Al cabo, cuase 700 nomes de lugares, casas, terras, fontes, regueiros, caleyas, montes, prayas, ribeiros, postas de pesca...



AÑORANZAS Y RECUERDOS DE TAPIA DE CASARIEGO

- Autor: Daniel Vargas Vidal.
- Asociación de Veciños y Cultural "Virgen del Carmen", Uviéu, 2003 (2^a edición).
- 350 páxinas.

Edición nova y mui cuidada del obra publicada orixinalmente en 1967. Anque é un llibro escrito en castellano, trémolo ás páxinas d'esta sección pol interés da súa segunda parte, "Evocaciones líricas", unde el autor incluye un bon feixe de poesías en gallego-asturiano. Hai composicións con aires tradicionais, cuartetas de xeito de cántiga, como as qu'aparecen en "Cego de Sueiro", "Comparsas", "A Encontrela", "A Queitana" ou "A Peguya". Pero tamén sorprenden, pola súa feitura y el sou estilo, outros versos de Vargas Vidal nus anos como aquellos unde el cultivo lliterario da fala llevaba cuase sempre a úas poesías tópicas y caltridas de costumismo idealizante. Destacamos os qu'incluye debaxo del título "Rapacios" ou el poema "María Doncella", del qu'escoyemos os versos del empezo: "Fonte, fontía de Mari-Doncella,/ que nas noites oscuras ye rezabas/ con susurros devotos a oración/ a todas túas veciñas, probes ánimas,/ despertando en nosoutros el temor.../ ¿Qué foy de ti, fontía tan querida?/ Tamén os tempos crueles castigaron/ a bondá dos tous nétares de vida."


El feito de qu'el autor marchara de ben novo de Tapia igual esplica dalguas interferencias y mezcra col gallego y col asturiano que tein dellas de composicións, anque ás veces tamén alterna el uso da fala y del castellano nel mesmo verso. De cualquier xeito, é úa alaxa da nosa bibliografía que nun pode faltar en cualquiera biblioteca del Navia-Eo que se teña por tal.

Música



Salíu xa el segundo disco da banda de gaitas La Reina del Truébano, dirixida pol valdesano Lluís Feito y afinada en Navia anque con compoñentes que vein das escolas de música de Bual, Navia, Samartín d'Ozcos y A Veiga. *Xalea real* é el nome escoyido pra este segundo trabayo da banda. El sou primeiro disco, *La danza l'ochu*, sacáranlo cos textos en asturiano y pra este segundo, como un xesto de compromiso cua cultura da zona, quixerón qu'os textos del disco tuveran en gallego-asturiano.

Son doce temas, dous d'ellos en directo. Os máis son versións de grazias tradicionais, pero tamén hai composicións propias de Lluís Feito, como é el caso del Himno oficial del descenso a nado da Ría de Navia, ou un tema que pon música a us versos de Nené Losada Rico. Núa das cántigas, "Agora non", pon a súa voz Chus Pedro, el cantante del popular grupo Nuberu. Y, xa que falamos de xalea real, el disco péchalo úa versión da música dos dibuxos animaos da abeya Maya.




Tamén a banda de gaitas Marino Tapiega, dirixida pol gaitero manta-rego Martín F. Cascudo, ten na caye un trabayo discográfico, neste caso el

primeiro: *Ayalga*. Con ese nome que dan na marina occidental ás cousas qu'el mar deixa nas prayas y ribeiros, a banda resume el sou trabayo dende el ano 1994, qu'é condo bota a andar como tal. Enguano son 30 os compoñentes: 24 gaiteiros y 6 percusionistas. El disco amañanlo dez gracias de gaita —muliñeiras, xotas, reels, pasacayes...— unde se mezcra as versións cuas pezas orixinaes compostas pol director da banda.

En conto á presencia da fala nos textos del disco, ademáis de nel propio título, hai úa versión da historia del grupo tamén en gallego-asturiano.

Revistas



A revista *El vixato* volve outra vez entre nosoutros. A publicación del asociación "El Teixo" de Barres chega cuas entregas 7 y 8 correspondentes al mes d'outubre. Nel primeiro número fálese da noite folk qu'amañaron nel brao y propóñen tamén úas ordenanzas municipais prá normalización da fala nos Conceyos, ademáis d'anunciar a convocatoria del Premio "Aira" de Poesía. Nel segundo, entre outras cousas, coméntanse dalgús resultaos del II Estudio Sociolingüístico pr'Asturias y fálese das "Xornadas sobre a fala y os deretos llingüísticos" que s'amañaron na capital del conceyo. Pero en *El vixato* hai máis cousas: pasatempos, chistes, recetas, cántigas, críticas y tamén chufas.

Internet

Na rede pódense encontrar xa muiitas cousas sobre el occidente asturiano, pero einda hai poucas cousas escritas en gallego-asturiano. Esto esplicase pola falta d'avezo y, quizabes, pol medo a meter a pata al escribir. Sicasí, xa empeza a haber xente qu'usa a fala nas súas páxinas web personales, se non dafeito, si en dalgúas seccións. D'esta volta citamos tres.

A primeira é a páxina de Fernando García Rodríguez sobre As Figueiras (www.es.geocities.com/fgarci41) con úa sección na fala, "Cousas d'hoi", y con un diccionario das Figueiras na sección "Así falamos".

A segunda é a páxina web de Benjamín Pérez sobre Fontescavadas (Bual) (www.perso.wanadoo.es/bepesu67) con dalgúas das seccións en gallego-asturiano. Y el outra é a páxina d'úa pixota d'Ortigueira (Cuaña), Mati, unde podedes volar nun vocabulario del llugar (www.usuarios.lycos.es/ortiguera_mati).

Aprovetamos pra felicitar a os autores y pr'animar a todos os internautas del occidente asturiano a aumentar a presencia da nosa fala na rede.

Escolarización



Cumpríuse a primeira fase del curso de gallego-asturiano pra profesores de primaria y secundaria dentro dos XXI Cursos de Brao del Academia de la Llingua Asturiana. Quince profesoras y profesores participaron como alumnos y outros sete profesores da zona tuvieron al cargo das materias impartidas qu'iban dende a práctica oral y escrita hasta a gramática, pasando pola llinguística y a didáctica. Hai que destacar y estimar dende aquí el acoyo tan búa qu'a xente d'Ibias y as súas autoridades municipales y escolares deron a os cursos, cousa qu'axudó sin duda a

fer máis graciosa a estancia nus días terribles de calor.

Nel que ten que ver cua presencia del asignatura de gallego-asturiano neste curso 2003/2004, na Educación Secundaria volve tar presente en todos os institutos: A Veiga, Tapia, Bual y Navia. Na Educación Primaria el panorama é desigual: neste curso entróu nel CRA "Ría del Eo" (Piantón, Abres, Miou y El Val d'Obanza) y na escola da Caridá "Arcángel San Miguel", ademáis de na escola de Valdepares (del CRA "Castropol"), y volvéu al CRA "Eilao-Sarceda", pero nun se cubrió a praza de profesor de gallego-asturiano da escola de "San Jorge" de Luiña (Ibias), col qu'os nenos y nenas que taban apuntaos nun puderon dallo.

Teatro



Na villa da Veiga tán féndose lamar d'actividades pra festexar el centenario da fundación da Sociedad de Socorros Mutuos d'Obreiros "La Obrera". Entre ellas, el pasao 20 de setembre púxose na Casa da Cultura el obra de teatro *Charamuzas de aquel tempo*, qu'escribieron d'emparzao Fernando de Caldín, Lupe García y Cándido Sanjurjo. Belén Rico Prieto, úa das participantes na representación, mándanos úa reseña del obra y del día da estrena:

"Cóntanse nela algunhas cousas da vida da xente nos tempos de «La Obrera». Empezóu a representación coa cántiga d'un cego y a súa lazari-lla. Despós un narrador foi dándoyes pé a outras escenas: na primeira el matrimonio de Manolo y Rosario vai acordándose de tempos nos que foron felices. Noutra, mentras Marica vai pá fonte, atópase con Farruco que quer andar con ela; Marica sigue el camín que levaba y chega á fonte dunde ta Pepa, coa que bota unha parrafada. Cuando van pá casa atopan a Carola que vai pal río nel que tán lavando outras mueres, mentras falan das súas cousas... y das dos outros. Seguú a escena dos homes na



barbería: iban cortar os pelos —así lo poñía el letreiro da porta—, pro tamén iban baruyar de lo seo... y del dos demás. Unhas y outros faloron del baile qu'aquel domingo iba haber na Obrera. Houbo p'acabar un monólogo d'un tal Patricio nel que compara a súa crianza y moceda coa d'agora.

Despós d'ensayala tres meses, chegóu el día del estreno y quedóuse pequena a Casa da Cultura de tanta xente que s'achegóu pa ver a función, a acoyida del público foi tan boa qu'el grupo ten que repetila dentro de pouco.

A xente que se xuntóu pa representar esta obra decidiu formar un grupo de teatro que se chama «La Obrera» y pensan seguir por este camiñ, escribindo y representando na fala da zona».

Artículos d'investigación

Nel último número da revista *Lletres Asturianas*, boletín del Academia de la Llingua Asturiana que xa vai pol nº 84, temos que destacar pol sou interés prá nosa fala el artículo da filóloga Concepción Álvarez Lebreo titulado "Pequena contribución léxica al galego-asturiano: voces, espresións y ditames tapiegos" Nel recoye material léxico y paremiolóxico d'esta villa marneira hasta agora inédito. Son 60 refráis y camiñ das 350 palabras, frases feitas ou acepcións novas de palabras xa conocidas, que vein a enriquecer el conocimiento que temos del gallego-asturiano.


El Academia de la Llingua Asturiana tamén publicóu este ano as Actas del *I Conceyu Internacional de Lliteratura Asturiana* (CILLA) feitas en Uviéu entre os días 5 y 8 de novembre de 2001. Entre as comunicacións presentadas hai úa que toca el tema del Navia-Eo: a titulada "Sobre úa poesía del veigueño Antonio Cuervo y os empezos da lliteratura en gallego-asturiano" de Xosé Miguel Suárez Fernández. Nella dase a conocer úa composición de finales del s. XIX

d'un poeta veigueño del qu'hasta agora namáis se conocía a súa obra en castellano —sobre todo el sou poema a "La Searila"— y aprovétase pra fer un repaso del que se sabe enguano sobre os primeiros momentos del cultivo lliterario da nosa fala y sobre el actitú dos autores daquela al hora d'escoyer el sou modelo de llingua entre el asturiano, el gallego ou el gallego-asturiano.

Coloquio

...La protección y promoción de la fala
...o Gallego-asturiano

A protección y promoción da fala
ou gallego-asturiano



El 22 d'agosto d'este ano 2003, Socialistas Novos del Occidente organizóu un acto en Castropol col título de "A protección y promoción da fala ou gallego-asturiano". Con ese motivo, editóuse un díptico bilingüe castellano/gallego-asturiano. A presentación da xornada corréu a cargo del Alcalde del conceyo, José Ángel Pérez, y dos representantes tanto dos Socialistas Novos del Navia-Eo como da JSA-Socialistas Novos d'Asturias. Despóis houbo úa mesa redonda que tratóu el tema "Fala, deretos llingüísticos y pluralidá cultural asturiana" y unde participaron Xosé Antón González Riaño, da Secretaría Llingüística del Navia-Eo del Academia de la Llingua Asturiana; Rafael Cascudo Noceda, maestro y escritor en gallego-asturiano; y Arturo Álvarez Fernández, del Asociación Cultural "El Teixo". Pra zarrar el acto houbo úa



mostra de lliteratura na fala que cun-tóu cúa llectura de poesía y prosa de Fredo de Carbex, María José Fraga Suárez y Rafael Cascudo, a cargo dos sous autores.

Normalización Social

- Hai que felicitar á empresa "Ingeniería Geotécnica del Cantábrico S.L.", porque acaba d'editar us dípticos de propaganda bilingües, tanto en gallego-asturiano/castellano como en asturiano/castellano. É chamadeira a sensibildá que tein pola realidá llingüística asturiana nesta empresa radicada en Grau pero que ten clientes en toda Asturias. Aguardamos que poda valir d'exemplo pra muitas outras empresas, axudando d'este xeito á normalización llingüística na sociedade asturiana.



INGENIERÍA GEOTÉCNICA
DEL CANTÁBRICO, S.L.

C/ Camín del Vallín 11, 2º E
33820 GRAU
Principao d'Asturias
e-mail: ingecast@hotmail.com
Teléfonos: 985 75 23 40 / 636 130 154

Colabora da Conceleiría de Cultura, Comunicación Social y Turismo del Principao d'Asturias.

Asociación Cultural Rapalacois invitavos

I MAGOSTO POPULAR

SI EL TEMPO LO PERMITE ALÍ TAREMOS
CUN FEIXE DE CASTAÑAS Y DE SIDRA
DULCE, ESPEREMOS QUE NUN CHOVA, NIN
NEVE, NIN TRONE... Y SOBRE TODO QUE SE
XUNTE UN BUEN MONTON DE XENTE.
¡¡¡TADES TODOS INVITADOS!!!

SÁBADO 15 A PARTIR DAS 6 DA
TARDE NA PLAZA DE SAN FELIZ

• Dende el Conceyo de Castropol y, máis en concreto, dende a súa Axencia de Desenvolvemento Local, mandóuse úa convocatoria a asociacións y veciños pra implicarllos nun proxecto de recuperación das cántigas y a tradición oral del conceyo. A carta taba redactada en gallego-asturiano y en castellano.

Tamén na Iª Feria de Productos Asturianos que s'amañou na villa os días 6 y 7 de decembre tuvo presencia a nosa fala porque búa parte del programa taba en gallego-asturiano.

• El asociación "Rapalacóis" das Figueiras, da que xa temos falao nesta sección, sigue cuas súas actividades unde a fala sigue tando presente al hora da propaganda: al cartel da Noite Celta qu'amañaron na Talaya este brao hai qu'amecer agora os carteles del campionato de baloncesto qu'organizaron, el 3x3 Pixoto's Streetball, y el del Magosto Popular. Y, cómo non, as papeletas da lloiteiría de Navidá.

3x3 PIXOTO'S STREETBALL
PRIMEIRO CAMPEONATO DE
BALONCESTO D'AS FIGUEIRAS


SÁBADO 30 D' AGOSTO

Noite Celta das Figueiras
18 de xullo de 2003
a partir das 10 da tarde
N' Acalaya

corazois novos
trioa
cadaba
macfeck

• Tamén en gallego-asturiano taban, como vén sendo tradicional, os carteles da *Noite Celta del Covo*, qu'organiza el asociación castropeña de "El Teixo" de Barres, y da *Noite Celta de Porcia*, qu'amaña el asociación "El Alameda" del Franco y que nesta edición cumpría os vinte anos.

1^{as} PRIMEIRAS sesións de salú animal y bioseguridá «El Binteiro»



A Caridá (El Franco)
2 y 3 d'outubre de 2003


• El Asociación de Defensa Sanitaria Ganadeira "El Binteiro", que ten el sou ámbito d'actuación nos conceyos de Cuaña y El Franco, organizou na Caridá, el 2 y 3 d'outubre d'este ano, as "Primeiras Sesións de Salú Animal y Bioseguridá". Tanto el cartel como el diptico anunciador taban en gallego-asturiano. Hai que destacar qu'el último día todo el acto fíxose na nosa fala: a presentación a cargo del veterinario Xabiel G. Menéndez, as palabras del Alcaldesa del Franco, Cecilia López, y da Conseyeira de Medio Rural y Pesca, Servanda García, y a charla del técnico veigueño da Conseyeiría, José Carlos García de Castro, que falou de «A reforma del PAC».

Premios Literarios

Nestas fechas avezan a conocerse os ganadores dos concursos literarios en gallego-asturiano.

El XIII Premio Xeira de narracións curtias levóulo nesta edición a escritora de San Tiso d'Abres, Aurora García Rivas, col relato "As cereixas". A Aurora conocémola polas súas colaboracións en *ENTRAMBASUGUAS*, pero xa ten ganao dalgús premios tanto na súa fala como en castellano. El xurao tamén acordou fer úa mención especial á calidá del conto "Asina tán as cousas" de Moisés Cima Fernández, de Mougúas (Cuaña).

Tamén se conocen os ganadores del III Concurso de Textos Teatrales na fala que convoca el asociación franquía "Juan Manuel Méndez". El premio á miyor obra llarga foi pra Pedro Velasco Suárez, con *A pataca*, y el de miyor obra curta foi pra Javier Méndez Méndez, por *El meu pueblo*.



A novedá este ano era a convocatoria del I Certame "Aira" de poesía en gallego-asturiano por parte del asociación "El Teixo" de Barres (Castropol). El primeiro premio levóulo el poemario *Pedras moles*, d'Arturo Álvarez Fernández, das Campas, y el segundo *As terras del barruzo*, de José Ramón Martínez Castro, das Figueiras. Os dous son autores novos conocidos namáis pol sou llabor ciudadano en defensa da fala, pero axina los imos conocer tamén como creadores en conto el asociación castropeña publique os poemarios, cousa que se vai fer llougo.

Entre os participantes nel II Premio "Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos" de relato hiperbreve qu'organiza el asociación santallesa d'Amigos del Marqués de Sargadelos, houbo abondos escritos na nosa fala. Entre as mencións del xurao tán "Hai cousas qu'os libros nun contan", d'Elsa Coimbra, "Un saco de recuerdos", d'Hortensia García Braña, "Os homes quebrados", de Cristóbal Ruitiña Testa y "Virutas", d'Aurora García Rivas. Nas categorías escolares premiouse á santallesa Rosa Martínez Fernández (1º de ESO), y á vilanovesa de Martul, Ana Cotarelo Fernández (5º de Primaria).

D' esta volta tivemos qu'enanchar El Arco da Veya porque eran mui-
tas as cousas que chegaran dos nenos y nenas que vñ a clas de
gallego-asturiano nas escolas del occidente. Y einda quedaron
cousas pral que vén... Un feixe d'ellas chegóunos da escola "Ramón de
Campoamor" de Navia, un centro xa veterano nestas xeirras. Però tamén temos
qu'acoyer con muita alegría dúas colaboracións que nos chegan d'escolas unde
é el primeiro ano qu'a nosa fala ta presente: Valdepares (El Franco) y Abres (A
Veiga). Os franquíos amañaron úa poesía cuntándonos cómo foi qu'escoyeron
ir a clas de gallego-asturiano y qué fain nella, y os veigueños esplicánnos por
qué os vecíos de San Tiso chaman a os d'Abres "lamapareiros". Dámosyes a ben-
vida y aguardamos vellos muitas veces por estas páxinas.

A clase da nosa FALA

Os nenos y nenas de 1º de Primaria da escola de Valdepares ama-
ñamos esta poesía entre todos:


Mónica, Cristian, César, Jara, Laura y Jairo.

Somos un peteiro de nenos
que tamos mui contentos.
Xa temos lo que faltaba,
qu'era a clase de FALA.

Solo us poucos tivemos
a sorte d'escoyella,
gracias a nosos padres:
nun s'avergonzan d'ella.

Nun sabíamos qué era eso
y tíamos curiosidá
y agora que xa probamos
nun la deixaremos máis.

Contos y poesías,
conversacións y cancións,
son algúas das cousas
cuas que disfrutamos a montóis.



¿Por qué nos chaman lampareiros?

Había en Abres un cura que tiña unha lámpara d'ouro na igrexa. Como veron unhos forasteiros pr'Abres, tuvo medo a qu'a roubaran, y enterróuna nunha leira. Pasóu muito tempo y a lámpara seguía enterrada, cando unhos labradores, arando na leira, atopárona y os de San Tiso d'Abres pensaron qu'era roubada e por eso nos chamaron lampareiros.

Nenos e nenas d'Abres: Rebeca, Alaida e Brais, d'Infantil, e María, Alex, Dani, Vanesa, Silvia, Sergio, Paulino y Alejandro, de Primaria.

Adivianza y chiste


Hai dúas cazolas feitas las dúas del mesmo material y del mesmo tamaño. Úa ta chía y la outra ta balleira. La que ta chía pesa menos que la que ta balleira. ¿De qué ta chía?

(De furaos)

Vei un home con un pato debaixo del brazo. Crúzase con un rapaz que ye dice:

—¿Únde vas con ese cocho?
—Peró, oiga, qu'esto nun é un cocho.
—¡Calla, que tou falando col pato!

Alicia, 4º B, Navía




YOV SOI D'ANLLEO

Hola, soi Alba. Quero contar cousas del meu pueblo, qu'é pequeno y tranquilo. En inverno fai muito frío. Nun hai mui-tos nenos y case sempre xogo na mía casa. Tamén hai úa fábrica de lleite mui grande que se chama Reny-Picot, y tamén temos úa piscina.




*Alba Martínez,
Adriana Rodríguez,
Vicente Sanchidrián,
3º A, Navía.*



LA RAPOSA Y EL LLOBO


Era úa vez úa raposa mui llista y un lobo mui fato.




Un día foron a pescar.



Como nun quería repartilla col lobo, engañóula. Dixoye qu'agarrase el caldeiro col rabo y se tuvese quieto hasta qu'ella ye mandase. Ella, mentres tanto, foise a comer la pita.




Condo iban de camín, la raposa viu úa pita.




El lobo, que se chamaba Xuan, dicía cada pouco:

—Á Marica, ¿sácolo?
—Non, espera un pouquinín.
Y así outra vez.



Pasóu tanto tempo qu'el caldeiro enchéuse de truitas y el fato del lobo quedóuse sin rabo y Marica coméu la pita entera.

El albeitre



↓ Rafel López Cancio

Xa era á tardía condo el tío Leuterio chantóu a brosa nel picadeiro, xunto ás estrelas qu'acababa de fer. Sacóu a súa petaca de picadura y el "librito" de *jean* cos cuadríos brancos y mouros na cuberta, y púxose a fer un cigarrín dos sous, que vían ser úas payías finas, porque taba nel llabor de deixar el vicio. Foi entoncias condo ye berróu a muyer pol ventano da cocía pra diciye que lo chamaban de Ca Portucello, que tían úa vaca con problemas.

El tío Leuterio dos Cabercos era albeitre mui conocido y respetado na contornada y entendido en males de muiitos animales. De pitas sabíalo todo, preferentemente de pitas chocias —das que comía os ovos— y das qu'aniaban en sitios escondidos. Teinlo chamado pra quitaryes esta zuna, y por este servicio nun solía cobrar. Tamén sabía muito da sarna dos conexos.

El tío Leuterio prendéu el cigarrín col sou chisqueiro de mecha marella, calzóu as galochas de zapatiya, coyéu as arabías del sou llabor y, sin esqueicerse del paraugas —qu'a tarde poñía caras d'auga—, coyéu el camín de Ca Portucello, que vai por debaxo da carbayeira de Farruco, al pé del regueiro del molín.

Tuvo bon cuidado de nun escarollarse na baxada de pedras llampas que chega hasta a corrada d'Arnesto de Portucello, que lo asperaba acoitado, cua aguiyada entre as maos y a pucha entre os oyos, guardándolos del sol da tardía. Nun fixeron más que saludarse cua cabeza y seguidamente metéronse na corte allumada con úa bombillá de "quinze", que na casa de Portucello inda tían limitador. Costóuyes trabayo ver algo hasta avezarse á escuridá y, como poderon, chegaron al fondo da corte unde taba a

Careta. Entoncias Arnesto deu el sou parecer, que supoñía que se trataba d'un recayo nel arremoyo, y de paso advertíu al vecín qu'a vaca era algo falsa y esquitúa. El albeitre puxo a mao nel llombo da Careta y cofóu nella mentras ye falaba y la baxaba axeito, escrequeyándose.

Y, nesto, pasóu lo que pasóu.

Foise a lluz de repente. A vaca sacudíu el rabo. Leuterio sentíu algo na cara y, sin más, llargóu a valiente patada. Veu outra vez a lluz y allí taba Arnesto xurando y queixándose agarrado cua mao unde ye dera Leuterio el galochazo y col outra andando a palos cua Careta.

Leuterio azorróu y nun dixo miga y, condo a vaca deixóu d'escorniar y Arnesto de mazar nella, rematóu el sou palpiar del arremoyo y deu por terminada a visita. Despóis pasaron á cocía a tomar un café y el albeitre recetóu nun papel de llibreta as melicías que tían que subir da botica y lo que tían que fer con ellas. Tuvieron un pedazo falando de cousas, da concentración parcelaria, das xubilacióis, dos mozos qu'agora nun parece que los chame muito a terra y d'úa praga de toupos, mui dañinos, que se corría qu'era cousa dos d'Agricultura, que los semaban con avionetas pra daryes de comer a os peneiregos. ¡Mete medo lo qu'hai qu'ouguir!

Xa era noite condo Leuterio subíu prá casa. Nun cobróu nada polla visita, pero pensaba qu'abondo tía el probe Arnesto col galochazo que ye dera. Pra entonces, as lluces dos caseiríos xa taban encesas y, llonxe, xunto al mar, chisgaba el oyo el faro de Tapia.

Pasaron algúas cousas aquela tarde, pero, así y todo, nun chová.

Xa dixemos muitas veces que nunca se pode dar por pechada a nómina d'escreitores na nosa fala. Os escritos veyos van pouquín a pouco salindo á lluz y familiares que los conservaban van dándolos a conocer. Este é el caso del escritor Francisco Arias Campoamor, del qu'agora acabamos de localizar *El trato*, obra de teatro estrenada nas Figueiras nel ano 1926. Pra completar estas foyas tan figueiro-las, tamén temos a foto veyá comentada por Fernando García Rodríguez, que vén ser un adelanto del libro que ta preparando con retratos veyos da villa marineira y qu'ha salir d'aquí a pouco.

Conocíamos a biografía de Francisco F. Arias Campoamor gracias al obra *Escritores y Artistas Asturianos*, de Constantino Suárez —máis conocido como *El Españolito*—. Nacera Francisco nas Figueiras en 1900, estudiara Farmacia y Odontoloxía en Madrid y puxera úa botica nel sou lugar de nacemento. Úa tuberculosis llevóulo condo nun tía máis que 28 anos. A pesar da súa mocedad, ainda tuvera tempo de colaborar en muitos periódicos dos alrededores y da emigración y, según llemos al *Españolito*, tamén escribira «un sainete de asunto local».

As pequizas levaron a encontrar úa copia manuscrita del obra, que resultóu que se titulaba *El trato* («Esbozo de comedia en dos actos») y que taba escrita en gallego-asturiano. Carlos Fernández Arias Shelly, fiyo de José F. Arias Campoamor —irmao de Francisco y autor de dúas novelas en castellano—, con toda a gracia, puxo a copia á nosa disposición pra que se publicara. Precisamente el asociación xuvenil figueirola «Rapalacóis» ten pensao editalla pral brao. Agora, contentámonos con brindar un fragmento del obra xa amañada pra súa edición. Pra os criterios manexaos remitimos a os llectores interesaos á futura publicación. 

El trato

Escena Segunda
(Tío MIGUEL, Tía ANTONIA)

TÍA ANTONIA: ¿Pois qué milagro?

TÍO MIGUEL: Esculta ora, nía.

TÍA ANTONIA: ¿Qué foi, ho?

TÍO MIGUEL: Non, nada. Á nía, ¿veuche ora a decir Parapar que quitases el cuito da caleya?

TÍA ANTONIA: Veu. Teinche ahora úas modas... Lo qu'é el Directorio, podía deixar el cuito unde ta y meterse con os de Castripol, que non pensan más qu'en subirnos as contribucións.

TÍO MIGUEL: ¡Y que tán os tempo pra subas, que condo non é úa é outra, però nunca faltan disgracias! ¿Cómo teis hoi el xato?

TÍA ANTONIA: Tuvo aquí hoi el albeltre pola mañá y dixo que non había xa peligro, però dígoche que nos deu un bon susto; pensamos non poderye correr el nabo, que lo tía el demo d'atazado nel gorgoleiro.

TÍO MIGUEL: Máis vale, muyer. Pois mira qu'os ocho cochos que ye morreron esta noite a Lourenzo...

TÍA ANTONIA: ¡Vaya por Dios...! ¿Y qué te trae?

TÍO MIGUEL: Pois verás, nía... *(Si terminó el pitillo, hará otro nuevo con cachaza y, si no lo terminó, dará unas chupadas furibundas.)* Bueno, señor, bueno... ¿Tamos solos, Antonia?

TÍA ANTONIA: Solos tamos.

TÍO MIGUEL: A túa nena, ¿únde ta?

TÍA ANTONIA: Vai na Peruyeira á ganceta. Podes falar sin cuidado y ándame axina, que me teis cocendo. *(TÍA ANTONIA en este momento se sienta en el pedazo de tronco de que se habló; sería conveniente que durante esta escena ocupase las manos en hacer chapo o media.)*

TÍO MIGUEL: Cousa sería é, Antonia, y pra ser tratada con precaucións. As cousas unde andan cuartos de por medio, serías son, y nesta qu'hoi che traigo andan cuartos y corazóns; non che digo máis... *(TÍA ANTONIA se sonríe maliciosamente.)*

TÍA ANTONIA: Home, algo parece qu'adivío; però algo máis teis que decir...

TÍO MIGUEL: ¡Bueno fora! Si ch'hei decir verdad, cós-

tame trabayo decir estas cousas y eso que... bueno, tu xa sabes qu'eu non quedo cortáu si se trata de falar lo que seña y faga falta, qu'inda discurro si ha menester nel Ayuntamiento delante del alcalde, ou de quen seña y, aunque teña mal el decilo, non hai outro que poida miyor qu'eu ser el pedanio.

TÍA ANTONIA: Non, dices verdá.

TÍO MIGUEL: Pois xa ves, nía: neste asunto non se m'amaña. É lo qu'eu digo das cousas del corazón: é preciso sentir muito pra decir un bocadín, y inda ese bocadín ha costar trabayo decilo. Además, estas cousas a os meus anos non sonan xa ben porque —temos que desengañarnos, Antonia— ¡vamos veyos...!

TÍA ANTONIA: Vas, Miguel, vas.

TÍO MIGUEL: Uí, uí..., uí..., ¿inda presumes? ¡Ai, Antonia, qué lonxe quedan aqueles anos en qu'eu t'andaba cor-tejando!

TÍA ANTONIA: Si, ho; *(Transición.)* y por cierto que che tomara lel, podes crerme.

TÍO MIGUEL: Non, y eu a ti tamén, ¿pois qué pensas? Però bueno, foi así; parece que nosos padres —que Dios teña en santa gloria— *(TÍA ANTONIA dice "amén".)* non s'amañaron y houbo que deixalo. *(Rememoran.)*

(TÍA ANTONIA dará a entender al público por medio de la mímica que está creyendo que TÍO MIGUEL la requiere de amores.) *(Se oír a lo lejos: "¡A las zarretas vivas!, ¡ai, qué zarretas!".)* Luego más cerca, en la calleja ya.)

LA MUJER: Á tía Antonia, ¿ques úa zarreta?

TÍA ANTONIA: *(Se levanta y va hacia la pared del lateral izquierda.)* ¿A cómo é?

LA MUJER: ¿Darás, ora, úa peseta?

TÍA ANTONIA: ¿El qué, nía...?

LA MUJER: Bueno, déixocha en nove cals.

TÍA ANTONIA: Douche dous rales, y a Dios gracias.

LA MUJER: Esme mui barateira; xa ch'hai quen dá tres rales y non la dou, que perdo nela.

TÍA ANTONIA: Déixala entonces en seis perróis.



Francisco F. Arias Campoamor

LA MUJER: Nin un perrín menos. *(Se aleja un poco y voceá:)* ¡A las zarretas! *(Vuelve de nuevo y pregunta:)* ¿Das os tres rales?
TÍA ANTONIA: Non, vaite si ques.
LA MUJER: ¡Vou, vou!
(TÍA ANTONIA vuelve a sentarse en el sitio de antes.)
TÍA ANTONIA: ¿Decías?
TÍO MIGUEL: Que xa ves tu as cousas d'esta vida: andando el tempo, el que te cortejóu de mozo había virche falar d'amores despóis de veyo. *(Esto lo dirá sin mirar a TÍA ANTONIA, jugueteando con la aljada.)*
TÍA ANTONIA: *(Hipócritamente.)* ¡Home, con qué his-

torias me veis! *(Aparte.)* ¡Xa mo taba parecendo a min...! *(Alto.)* Vouche decir, Miguel: non sigas; esas sonche toleirías. ¡Non ch'iba falar nada a xente...!
TÍO MIGUEL: ¿Falar...? ¿Y por qué? ¿Non é el meu fiyo trabaxador y honrado como...?
TÍA ANTONIA: *(Con desencanto.)* ¡Ah, però...!
TÍO MIGUEL: ¿Pois qué pensache, nía?...
TÍA ANTONIA: ¿De modo que lo que tu ques é casar al tou Quico con a mía Juaquina?
TÍO MIGUEL: Claro, muyer, claro.
TÍA ANTONIA: ¡Osús, mala serra t'arrole, con qué requiloncios me veis falando!

Del caxón da mesía y d'úa caxa veyá y ferruxenta de membrillo sacamos úa foto cualquiera. Resulta ser úa foto veyá que, como todas as fotos comidas pol tempo, axúdanos a reconstruir a nosa propia historia y amece un bocadín más á del noso pueblo.

A fotografía, fechada nas Figueiras nel ano 1934, é úa imaxe ben espresiva.

Nela tán Esperanza Ibarra Montaña y Visita, úa das súas fiyas, acarriando nun burro úa carga d'estrume pa mulir os cochos. A roupa é a típica del época núa familia probe y destaca sobre todo el calzado, cuas alparagatas y as zocas de zapatiya.

Al rovés del que se pudiera pensar, son úa familia de mariñeiros que, como muitos más del lugar, completaban a provisión de recursos básicos familiares engordando un cocho y labrando úa leiría de patacas pa botar al pescao trido polos homes da casa ou amañar un "caldo de ladróis" unde faía falta muita imaxinación p'atopar el compango. Outra posibilidá, muitas veces compartida con esta, era tentar de vender el pescado pola contornada, però, así y todo, a suma de todò era ben pouco pa sostener a familia y impensable pa prever un futuro miyor pa os fiyos.

A esta situación económica veu xuntarse el conflicto político que neste, como en muchos outros sitios, provocóu enfrentamientos dramáticos. A consecuencia lóxica era buscar horizontes novos y Visita nun tardóu en deixar a probeza da vida nas Figueiras pa emigrar a Buenos Aires y buscar un trabayu que ye deixara vivir dignamente y educar os fiyos con miyores perspectivas.

Súa madre morrería a os 99 anos sin volver vela nin a ela nin a os netos.

A historia nun é que seña de "foron felices y comeron perdices", senón que, al cabo dos anos, os netos americanos d'Esperanza habían querer pa ellos a sorte dos que quedaron en Asturias.

↓ Fernando García Rodríguez





Secretaría Llingüística del Navia-Eo

INXERTA NA ACADEMIA DE LA LLINGUA ASTURIANA



GOBIERNU DEL
PRINCIPÁU D'ASTURIES